

**DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO 2021-2022**

**IES PLURILINGÜE DE AMES (BERTAMIRÁNS)**

## ÍNDICE

1.	Introdución (Profesores do Departamento). Contextualización da Programación.	1-2
2.	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	3-5
3.	Concreción de obxectivos por etapas e curso (ESO e Bacharelato)	6-12
4.	Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable (táboas): temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.	13-130
	•Táboa 1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e mínimos esixibles. (13-53)	
	•Táboa 2. Procedementos e instrumentos de avaliación e temporalización. (54-79)	
	•Táboa 3. Contidos. (80-90)	
	•Programación de Literatura Universal. (91-102)	
	•Programación do Grupo de Mellora da aprendizaxe e o rendemento académico de 2º e 3º de ESO (ámbito sociolingüístico). (103-118)	
5.	Temporalización detallada, libros de texto e obras de lectura obrigatoria.	118-123
6.	Concrecións metodolóxicas da materia.	123-124
7.	Materiais e recursos didácticos.	124-125
8.	Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	125-134
	8.1.-Criterios de cualificación e promoción. Normas xerais para tódolos cursos.(125-133)	
	8.2.- Actividades de avaliación. Procedementos e instrumentos de avaliación. Actividades de reforzo e recuperación. (134)	
	8.3.- Criterios de cualificación da avaliación extraordinaria de xuño para tódolos cursos (incluído o alumnado coa materia pendente). (134)	
9.	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	134-136
10.	Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos.	137-138
	10.1.- Programa de recuperación (137)	
	10.2.-Obxectivos e contidos mínimos. Criterios de avaliación, cualificación e corrección da materia pendente. Procedementos e instrumentos de avaliación. (138)	
11.	Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos (Bacharelato).	138
12.	Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.	139
13.	Medidas de atención á diversidade.	140-141
14.	Concreción dos elementos transversais en cada curso.	142-145
15.	Actividades complementarias e extraescolares do Departamento.	145
16.	Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.	145-146
17.	Anexos:	147-174
	1. Información ao alumnado (p.147)	
	2. Aportación ao plan de convivencia (p. 147)	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  
CURSO 2021-2022  
IES PLURILINGÜE DE AMES (BERTAMIRÁNS)

3. Programas específicos para o alumnado repetidor (p. 147)
4. Procedementos para a cualificación da nota final se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria (p.147)
5. Proxecto lector do departamento (148-150)
6. Relación entre Proxecto lector, a materia de Lingua Castelá e Literatura e as TIC (150-152)
7. Programación didáctica de Formación Profesional Básica. (152-172)
8. Modificacións posibles en caso de confinamento (173-174)
18. Bibliografía. 174-175
19. Data e firmas. 176

## **1. INTRODUCCIÓN - CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

### **PROFESORES DO DEPARTAMENTO**

Cinco profesores con destino definitivo no centro, unha funcionaria con destino definitivo noutro centro e con comisión neste centro, unha profesora en prácticas:

Prados Anaya, Carmen: Dous grupos de Lingua castelá e literatura de 2º de Bacharelato (6 horas), dous grupos de Lingua castelá e literatura de 1º de Bacharelato (6 horas), dous grupos de 4º de ESO (6 horas). Total: 18 horas. Xefa do Departamento.

Martín Méndez, Rafael: Un grupo de Literatura Universal (4 horas), un grupo de 3º de ESO de PMAR, ámbito sociolingüístico (9 horas), un grupo de 1º FP básica, ámbito sociolingüístico (7 horas). Total: 20 horas.

Míguez Viqueira, María Socorro: Tres grupos de Lingua castelá e literatura de 2º de ESO (12 horas), dous grupos de 4º de ESO (6 horas), un grupo de Lingua castelá e literatura de 1º de Bacharelato (3 horas). Total: 18 horas.

Golán García, María: Un grupo de Lingua castelá e literatura de 2º ESO, tres grupos de Lingua castelá e literatura de 3º ESO (9 horas), dous grupos de 2º Bacharelato (6 horas). Total: 18 horas.

Fátima Pernas, substituta de Busta Varela, Carmela: tres grupos de Lingua castelá e literatura de 1º ESO (12 horas), dous grupos de Lingua castelá e literatura de 2º ESO (6 horas). Total: 18 horas.

Vega Vázquez, Isabel (profesora en comisión de servicios con destino definitivo noutro centro): Dous grupos de Lingua castelá e literatura de 1º Bacharelato (6 horas), tres grupos de 1º de ESO (12 horas). Total: 18 horas.

Ana Alberte Lista (profesora en prácticas): Un grupo de Lingua castelá e literatura de 1º de ESO (4 horas), dous grupos de Lingua castelá e literatura de 3º ESO (6 horas), un grupo de 4º de ESO (3 horas), un grupo de 2º FP básica (6 horas). Total: 19 horas.

### CONTEXTUALIZACIÓN

Hai catro factores fundamentais na relación do entorno e o alumnado do IES de Ames ca materia de Lingua Castelá e Literatura:

1) Parte do alumnado é galego falante, polo tanto unha boa parte del ten problemas para dominar o castelán como lingua oral, se ben a nivel escrito teñen un maior dominio da lingua castelá (con interferencias co galego), ou polo menos non se negan a empregar esta lingua cando escriben (o cal sucede en moitos casos ca lingua oral).

2) Hai unha parte pequena de alumnado que pertence a un nivel socio-cultural alto, unha maioría que pertence a un nivel medio baixo e unha minoría que procede de clases especialmente desfavorecidas. Isto reflíctese no uso da lingua castelá, pois é reducido o número de alumnos que teñan un vocabulario rico e extenso, e que domine correctamente as diferentes estruturas da lingua e a súa ortografía. Por tanto, a labor do Departamento de Lingua Castelá adquire un carácter social moi importante para tratar de eliminar as distancias culturais entre os estudantes, de xeito que poidan ter as mesmas oportunidades.

3) Segue a aumentar o número de alumnos que proceden da emigración ou da adopción, sobre todo de América Latina (Arxentina, Brasil, Cuba, Colombia, Venezuela...), pero tamén China, Etiopía... É difícil para algúns deles alcanzar os mínimos da materia porque con frecuencia coñecen moi pouco da Lingua (tanto castelá como galega), tan só o que aprenden na rúa ou cos compañeiros e amigos. Sería desexable que houbera a posibilidade de impartir clases a estes alumnos da gramática da lingua castelá ou galega no propio centro e formando parte do horario do profesorado do Departamento (clases de reforzo de español ou galego para estranxeiros), co fin de axudarlles a acadar os obxectivos mínimos da materia.

4) A poboación de Ames crece cada ano máis, a un ritmo que está por riba da maioría dos concellos de Galicia, e iso fai que cada ano se incremente o número de alumnos; polo tanto a ratio de alumnos por profesor é moi elevada, este curso especialmente en 2º de ESO e en 1º de Bacharelato (de 25 a 30 alumnos por aula). Todo isto fai difícil o proceso de atención de alumnos que teñen dificultades de aprendizaxe e, ás veces, provoca problemas de disciplina ou falta de atención.

5) Situación do Centro: está ao norte da capital do Concello, Bertamiráns, na estrada que conduce a Negreira, ao lado da autovía Santiago-Brión. Aínda que está a un quilómetro da Casa do Concello, trátase dunha zona pouco poboada. Ao longo desta estrada está a gardería municipal, o polideportivo e o colexio de Primaria A Mahía. Os alumnos da localidade soen ir a pé e hai unha boa parte que vai en bus dende as diferentes vilas e aldeas.

Comezou sendo un centro para arredor de 400 alumnos e hoxe anda á beira dos 800.

6) Imparte ensinanzas de ESO (sete primeiros, seis segundos (un deles de PMAR), seis terceiros (un deles de PMAR), seis cuartos (un deles orientado á FP), Bacharelato (cinco primeiros e catro segundos), e FP Básica, en horario diurno, polas mañás e o luns tamén pola tarde.

7) Os colexios adscritos son : A Mahía, Agro do Muiño (ambos de Bertamiráns), Cobas e Barouta (da parroquia de Ames).

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A ley LOMCE/LOMLOE basease na potenciación da aprendizaxe por competencias. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz, “un saber facer”. A seguir, detallamos estas competencias e a súa aplicación á materia.

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)**

Esta competencia é a de maior relevancia que pode adquirirse nesta materia, xa que todos os seus contidos están orientados a adquirir coñecementos, destrezas e actitudes comunicativas.

### **COMPETENCIA DIXITAL (CD)**

Nesta materia, a procura de información ten un papel relevante, polo que o alumno debe ser capaz de seleccionar aquela que lle proporcione uns coñecementos que, á súa vez, lle permitan a mellora das súas destrezas comunicativas. O uso de Internet convértese nun instrumento privilexiado para esa finalidade. Ademais, outros soportes electrónicos (DVD, CD-ROM...) e os procesadores de texto contribuirán á mellora da capacidade comunicativa do alumno, sobre todo porque lle animarán a mellorar en dúas das facetas, a de escribir e a de ler. Este ano, como o anterior, dadas as circunstancias COVID, é de especial importancia que o alumnado manexe a aula virtual e outras técnicas de procesamento da información (TICS).

### **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)**

O uso da lingua como instrumento de comunicación axudará a que o alumno desenvolva a competencia social e cívica, despois de que lle permitirá pór en práctica habilidades sociais como a convivencia, o respecto, a tolerancia, etc., froito das súas relacións con outras persoas que non necesariamente han de ter visións do mundo iguais á súa. Aínda que unha das finalidades desta materia é aprender lingua, tamén o é comprender e valorar as mensaxes que se transmiten a través do código lingüístico, e ata apreciar ese código cando non é o propio dun (caso do estudo doutras linguas españolas ou estranxeiras). Desta forma, a lingua como sistema de comunicación pode facilitar que o alumno coñeza realidades distintas ás do contexto social en que vive e favorecer unha visión aberta doutras realidades.

### **CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC)**

Esta competencia adquirese, fundamentalmente, cando se lle achega ao alumno á produción literaria, de modo que coñeza os grandes temas que a literatura tratou ao longo do tempo como expoñentes das preocupacións que interesaron ao ser humano. No estudo do contexto en que se elaborou unha obra literaria, poderá coñecer outras manifestacións artísticas e culturais que darán todo o seu sentido á creación literaria.

### **COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER (CAA)**

Esta competencia mostra como uns determinados contidos (lingüísticos neste caso) serven para adquirir novos coñecementos de diferentes áreas; non en balde no código lingüístico está a base do pensamento e do coñecemento. Mentres o alumno aprende contidos dunha determinada materia, está aprendendo, tamén, os propios da comunicación lingüística.

### **SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)**

O uso da lingua en contextos determinados non fai senón enfrontar ao alumno a diversas situacións nas que debe analizar e resolver problemas relacionados coas destrezas comunicativas, o que redunda na súa capacidade para actuar reflexiva e autonomamente.

### **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)**

Na súa relación con esta materia, trátase da capacidade demostrada polo alumno de observar criticamente a realidade que lle rodea e de valorar o coñecemento científico, que pode resultar tamén de gran utilidade en todas as materias do currículo.

### **Concreción de competencias aplicadas á área de Lingua Castelá e Literatura:**

#### **Comunicación lingüística**

- Expresar oralmente pensamentos, emocións, vivencias e opinións de xeito coherente.
- Adecuar o fala a situacións comunicativas variadas, controlando os elementos non verbais e respectando as regras do intercambio comunicativo.
- Ter conciencia das convencións sociais e culturais á hora de producir textos.
- Buscar, recompilar e procesar información en fontes escritas diversas.
- Comprender distintos tipos de textos propios do ámbito académico recoñecendo a súa intención comunicativa e os seus trazos formais.
- Comprender distintos tipos de textos da vida cotiá e das relacións sociais recoñecendo a súa intención comunicativa e os seus trazos formais.
- Comprender os principais tipos de textos que aparecen nos medios de comunicación recoñecendo a súa intención comunicativa e os seus trazos formais.
- Gozar da lectura e descubrir outros idiomas e culturas.
- Tomar conciencia da necesidade de respectar as normas ortográficas na produción de textos.
- Coñecer os principais procedementos de formación de palabras para ampliar o léxico.
- Utilizar un vocabulario amplo para expresarse oralmente e por escrito con propiedade.
- Coñecer as regras de combinación das distintas clases de palabras en sintagmas e oracións para a comprensión e produción de textos.
- Compór textos propios do ámbito académico adecuados ao propósito comunicativo.
- Compór textos propios da vida cotiá e das relacións sociais adecuados.
- Compór textos dos medios de comunicación adecuados ás convencións dos xéneros

xornalísticos.

-Escribir para expresar ideas, sentimentos e experiencias.

### **Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía**

-Empregar os coñecementos matemáticos na análise e coñecemento da Lingua.

-Demostrar actitude crítica na observación da realidade e na análise de mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsables.

-Valorar o coñecemento científico.

-Adoptar unha actitude responsable e crítica ante os problemas do medio ambiente.

### **Competencia dixital**

-Buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento utilizando sistemas informáticos ou Internet.

-Analizar de xeito crítico a información obtida.

-Utilizar adecuadamente ferramentas dixitais imprescindibles tales como o correo electrónico, a aula virtual, a plataformas de videoconferencias proporcionadas pola Consellería de Educación.

### **Social e cívica**

-Coñecer e practicar o diálogo como ferramenta de comunicación e de resolución de conflitos.

-Coñecer os valores que caracterizan unha sociedade democrática: liberdade, solidariedade, participación, cidadanía, tolerancia.

-Valorar a pluralidade lingüística de España como unha riqueza cultural.

-Tomar conciencia das emocións propias e alleas para unha mellor autorregulación emocional.

### **Cultural**

-Comprender e valorar criticamente textos literarios de distintas épocas e tradicións culturais.

-Recoñecer e comprender os procedementos retóricos propios da linguaxe literaria.

-Coñecer as convencións dos xéneros literarios.

-Coñecer os temas e motivos recorrentes na tradición literaria.

-Coñecer as obras e autores máis destacados do patrimonio literario.

-Ter conciencia da evolución das correntes estéticas e literarias.

-Cultivar a expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través da literatura.

### **Aprender a aprender**

-Coñecer e utilizar de xeito habitual as principais estratexias e técnicas que favorecen o traballo intelectual (resumo, esquema, mapas conceptuais...).

-Utilizar diferentes recursos e fontes para a recollida e tratamento da información.

### **Iniciativa e espírito emprendedor**

-Actuar con iniciativa e creatividade persoal.

-Desenvolver hábitos de sociabilidade.



### **3. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR ETAPA E CURSOS**

En primeiro lugar, reproducimos os obxectivos xerais da etapa e despois concretamos os obxectivos para cada un dos cursos.

#### **3.1.-OBXECTIVOS DE ETAPA ESO (currículo LOMCE)**

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio

deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **OBXECTIVOS XERAIS DE 1º DA ESO**

1. Resumir, comprender e interpretar diferentes tipos de textos orais e escritos.
2. Expresarse por escrito e oralmente de forma correcta e cohesionada.
3. escoitar e comprender mensaxes da comunicación audiovisual.
3. Coñecer as características dos mecanismos de cohesión da lingua..
5. Aplicar normas lingüísticas relativas a cuestións ortográficas para a comunicación eficaz.
6. Coñecer e analizar as categorías gramaticais, para mellorar as producións lingüísticas.
7. Coñecer e empregar conceptos relacionados co significado das palabras: denotación e connotación, sinonimia e antonimia.
8. Comprender, producir e sintetizar diferentes tipos de textos orais e escritos.
9. Identificar e respectar usos de variedades lingüísticas do ámbito persoal, social e mediático.
10. Crear textos de intención literaria e valorar a función da literatura e a lectura como fonte de enriquecemento persoal.
11. Ler, comprender e analizar diversos textos literarios. Coñecer os trazos da lingua literaria e dos distintos xéneros literarios.
12. Ler obras literarias propostas e valoralas como fonte de pracer, coñecemento e formación.
13. Redactar textos de intención literaria.
14. Saber utilizar a linguaxe como fonte de información e para organizar a propia actividade (resumos, esquemas...).
15. Empregar con autonomía e espírito crítico as tecnoloxías da información.
16. Manexar os dicionarios e outras fontes impresas e dixitais para enriquecer o vocabulario.

### **OBXECTIVOS MÍNIMOS DE 1º DA ESO**

- 1) Que os alumnos saiban comprender e resumir o que len, e que se expresen con corrección na lingua oral e escrita.
- 2) Corrección da ortografía básica.
- 3) Identificación das clases de palabras: substantivos, adxectivos cualificativos e determinativos, verbos, pronomes, artigos, adverbios e preposicións.
- 4) Recoñecer e usar os mecanismos de coherencia e cohesión da lingua.
- 5) Ampliación e coñecemento do vocabulario en uso. Coñecemento das estruturas semánticas básicas.
- 6) Identificación de elementos da narración (narrador, personaxe, tempo e espazo), a lírica e o teatro. Coñecemento e uso da lingua literaria.
- 7) Recoñecer os tipos de textos estudados (narrativos, descritivos, dialogados, expositivos e argumentativos).
- 8) Ler e comprender as obras de lectura propostas.

### **OBXECTIVOS XERAIS DE 2º DA ESO**

- 1) Resumir diferentes tipos de textos orais e escritos.
- 2) Expresarse por escrito e oralmente de forma correcta e cohesionada.
- 3) Coñecer as características dos principais tipos de textos: narración, descrición, diálogo. Coñecer algún trazo básico de textos expositivos e explicativos, e mesmo argumentativos.
- 4) Coñecer os distintos xéneros literarios.
- 5) Aplicar normas lingüísticas relativas a cuestións ortográficas.
- 6) Coñecer e analizar as categorías gramaticais. Posible introdución á oración simple.
- 7) Ampliar o vocabulario e coñecer as principais relacións léxicas e semánticas.
- 8) Comprender, producir e sintetizar diferentes tipos de textos orais e escritos.
- 9) Identificar e respectar usos de variedades lingüísticas diferentes (con especial atención á coexistencia de dúas linguas en Galicia).
- 10) Crear textos de intención literaria e valorar a función da literatura hoxe.
- 11) Analizar e valorar criticamente mensaxes dos medios de comunicación de masas.
- 12) Practicar a lingua oral.
- 13) Saber utilizar a linguaxe como fonte de información e para organizar a propia actividade (resumos, esquemas, comentarios...).
- 14) Amosar unha crítica ante calquera uso lingüístico que supoña discriminación.
- 15) Empregar con autonomía e espírito crítico as tecnoloxías da información.

### **OBXECTIVOS MÍNIMOS DE 2º DA ESO**

- 1) Que os alumnos comprendan o que len e se expresen oralmente e por escrito con propiedade e corrección.
- 2) Dominio da ortografía básica (“Echar, iba, tuvo, hacer, ir, deber...”), da acentuación e as normas básicas de puntuación.
- 3) Identificación das clases de palabras: artigos, substantivos, adxectivos (cualificativos e determinativos), verbos, pronomes, adverbios, conxuncións, preposicións e interxeccións.
- 5) Identificación dos elementos da narración e coñecemento dos xéneros literarios (narrativa, lírica e teatro). Identificación dos trazos de estilo: a metáfora, a repetición.
- 6) Recoñecemento de textos narrativos, descritivos, dialogados, expositivos e argumentativos.
- 7) Lectura e comprensión das obras de lectura obrigatoria.

### **OBXECTIVOS XERAIS DE 3º DA ESO**

- 1) Comprender discursos orais e escritos, identificando o tipo de texto e utilizando estratexias adecuadas de comprensión (selección e resumo de ideas, etc).
- 2) Expresarse oralmente, tendo en conta o contexto e utilizando un discurso adecuado.
- 3) Expresarse por escrito de forma coherente utilizando correctamente os recursos gramaticais, ortográficos e léxicos.
- 4) Expresarse oralmente e por escrito utilizando as diferentes formas do discurso (narrativo, descritivo, dialogado, expositivo e argumentativo) con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.

- 5) Coñecer a realidade lingüística de España, especialmente o tema de linguas en contacto.
- 6) Valorar a diversidade lingüística como unha riqueza individual e social, e respectala.
- 7) Adecuar os recursos comunicativos a diferentes contextos e situacións.
- 8) Promover o gusto pola lectura a través de textos adecuados. Ler e comprender as obras obrigatorias propostas.
- 9) Descubrir as posibilidades da lectura e escritura como fonte de enriquecemento persoal.
- 10) Recoñecer os trazos que definen os principais xéneros literarios, e os principais autores, movementos e épocas (da Idade Media ao s. XVII).
- 11) Crear textos literarios sinxelos e empregar diversas técnicas.
- 12) Identificar elementos formais da lingua nos seus diversos planos: fonolóxico, morfosintáctico (inclúe a oración simple, funcións sintácticas e unidades básicas da lingua), léxico-semántico e textual. A estrutura da palabra e os procedementos de formación de palabras.
- 13) Empregar os mecanismos da creación de textos.
- 14) Recoñecer e evitar os usos da lingua (especialmente dos medios de comunicación de masas) que supoñan calquera tipo de discriminación.
- 15) Empregar criticamente os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información.

#### **OBXECTIVOS MÍNIMOS DE 3º DA ESO**

- 1) Recoñecemento do tema e estrutura dun texto. Definición de palabras.
- 2) Comprensión do lido e expresión correcta a nivel oral e escrito.
- 3) Recoñecemento das propiedades dun texto: coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
- 4) Dominio da ortografía, acentuación e puntuación.
- 5) Análise da estrutura morfolóxica da palabra.
- 6) Análise das clases de palabras ou categorías gramaticais.
- 7) Recoñecemento e análise das funcións sintácticas da oración simple (cláusula) e a frase.
- 8) Análise de conectores e de mecanismos de referencia interna (sinonimia, hiperonimia, etc.).
- 9) Recoñecemento e análise de distintos tipos de textos: narrativos, descritivos, dialogados, expositivos e argumentativos.
- 10) Recoñecemento e análise e estudio dos xéneros literarios e os movementos da Literatura: da Idade Media ao s. XVII incluído.
- 11) Realización de resumos, redaccións, esquemas e recoñecemento de estruturas nun texto.
- 12) Lectura e comprensión das obras de lectura propostas.

#### **OBXECTIVOS XERAIS PARA 4º DE ESO**

- 1) Comprender discursos orais, recoñecendo as intencións comunicativas e identificando o tipo de discurso do emisor.
- 2) Comprender discursos escritos, identificando o tipo de texto e empregando mecanismos adecuados de comprensión (selección e resumo de ideas, tema, distinción entre ideas principais e secundarias, determinación da estrutura, etc).
- 3) Expresarse oralmente, tendo en conta o contexto e utilizando un discurso adecuado.
- 4) Expresarse por escrito de forma coherente utilizando correctamente os recursos gramaticais, ortográficos e léxicos.

- 5) Expresarse oralmente e por escrito utilizando as formas de organizar o discurso (narrativo, descritivo, dialogado, expositivo e argumentativo).
- 6) Adecuar os recursos comunicativos a diferentes contextos e situacións.
- 7) Recoñecer e analizar a argumentación nos medios de comunicación, na publicidade...
- 8) Fomentar unha actitude crítica cara aos medios de comunicación de masas.
- 9) Promover o gusto pola lectura a través de textos adecuados.
- 10) Descubrir as posibilidades da lectura e escritura como fonte de enriquecemento persoal.
- 11) Recoñecer os trazos que definen os principais xéneros literarios, e as características dos principais autores, movementos e o contexto histórico en que xorden (do século XVIII aos nosos días). Literatura española e hispano-americana.
- 12) Crear textos literarios sinxelos.
- 13) Identificar elementos formais da lingua nos diversos planos: morfosintáctico (inclúe a oración simple, complexa e composta, funcións e categorías gramaticais), léxico-semántico e textual. Coñece a estrutura da palabra e os procedementos de formación das palabras.
- 14) Empregar os mecanismos formais aprendidos na creación de textos.
- 15) Recoñecer e evitar os usos da lingua (literaria, dos medios de comunicación de masas, etc.) que supoñan calquera tipo de discriminación.

#### **OBXECTIVOS MÍNIMOS DE 4º DE ESO**

- 1) Recoñecemento do tema, resumo e estrutura dun texto. Definición de palabras.
- 2) Comprensión do lido e expresión correcta a nivel oral e escrito.
- 3) Recoñecemento e uso das propiedades dun texto: coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
- 4) Dominio da ortografía, acentuación e puntuación.
- 5) Análise da estrutura morfolóxica da palabra.
- 6) Análise das clases de palabras (repaso) ou categorías gramaticais: as estudadas antes e conxuncións.
- 7) Recoñecemento e análise das funcións sintácticas da oración simple (cláusula). Repaso. A oración composta e complexa.
- 8) Análise de conectores e de mecanismos de conexión textual.
- 9) Recoñecemento e análise de distintos tipos de textos: narrativos, descritivos, dialogados, expositivos e argumentativos.
- 10) Recoñecemento e estudio dos xéneros literarios e os movementos da Literatura: dos séculos XVIII, XIX e XX.
- 11) Realización de resumos, redaccións, esquemas e recoñecemento de estruturas nun texto.

### **3.2.-OBXECTIVOS DE ETAPA BACHARELATO (currículo LOMCE)**

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### **OBXECTIVOS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 1º BACHARELATO**

- 1) Expresarse a nivel oral e escrito con coherencia, cohesión, corrección gramatical e adecuación ás diversas situacións de comunicación.
- 2) Comprender e interpretar discursos orais e escritos, científicos, culturais, técnicos, dos medios de comunicación e de linguaxes non verbais, tendo en conta as súas características.
- 3) Coñecer a situación lingüística de Galicia, de España e do mundo e estudar a relación entre as diversas linguas e as súas variedades para respectar o plurilingüismo.
- 4) Utilizar e valorar a lingua oral e escrita como medio eficaz de comunicación.
- 5) Reflexionar sobre os distintos compoñentes da lingua (fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual), analizando e corrixindo as propias producións.  
Estudo das clases de palabras, a análise da frase e de oracións simples e complexas, e a análise de textos narrativos, descritivos, dialogados, expositivos e argumentativos.
- 6) Interpretar e valorar criticamente obras literarias, relacionándoas coa súa tradición cultural e a recepción. Coñecer e analizar os elementos estruturais da obra literaria.
- 7) Coñecer as características dos períodos máis representativos da Literatura Española, así como os autores e obras máis significativas dende o Renacemento ata o século XIX incluído.
- 8) Lectura, comprensión e comentario das obras de lectura obrigatoria.
- 9) Realizar a análise de textos coa diferenciación de tema, título, resumo, esquema, organización e estrutura do contido.
- 10) Empregar técnicas de procura, elaboración e presentación da información utilizando medios tradicionais e novas tecnoloxías.

### **OBXECTIVOS DE 2º DE BACHARELATO**

- 1) Expresarse a nivel oral e escrito con coherencia, cohesión, corrección gramatical e adecuación ás diversas situacións de comunicación.
- 2) Comprender e interpretar discursos orais e escritos, científicos, culturais, técnicos, dos medios de comunicación e de linguaxes non verbais, tendo en conta as súas características.
- 3) Utilizar e valorar a lingua oral e escrita como medio eficaz de comunicación.
- 4) Reflexionar sobre os distintos compoñentes da lingua (morfosintáctico, léxico-semántico e textual), analizando e corrixindo as propias producións.  
Coñecemento da morfoloxía da palabra, dos fenómenos semánticos principais, o estudo das clases de palabras, as funcións da cláusula simple, a análise da frase e a análise de textos narrativos, descritivos, dialogados, expositivos e argumentativos. Repaso.  
O estudo das oracións compostas e complexas.
- 5) Interpretar e valorar criticamente obras literarias, relacionándoas coa súa tradición cultural e a recepción. Coñecer e analizar os elementos estruturais da obra literaria.
- 6) Coñecer as características da literatura española do século XX: movementos, autores, obras, textos. Inclúe a narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX.
- 7) Realizar a análise de textos coa diferenciación de tema, título, resumo, esquema e comentario crítico.
- 8) Empregar técnicas de procura, elaboración e presentación da información utilizando medios tradicionais e novas tecnoloxías.

#### **4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento.

**TÁBOA 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES.**

<b>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA. 1º ESO</b>			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C_clave	Mínimos esixibles
<b>B1. Comunicación oral: escoitar e falar</b>			
B1.1. Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.	LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.	CCL,CSC	Respecta as normas da intervención oral e sabe escoitar.
B1.2. Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar.	LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.	CCL,CSIEE	Participa oralmente: opina, debate, expón, dialoga, relata.
B1.3. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).	LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	CCL,CAA,CD	Fala con coherencia e corrección e corrixe os posibles erros.
B1.4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais.	CCL	Expón oralmente.
B1.5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.	LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	CSC	Dramatiza escenas diversas.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  
CURSO 2021-2022  
IES PLURILINGÜE DE AMES (BERTAMIRÁNS)

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C_clave	Mínimos esixibles
<b>B2. Comunicación escrita: ler e escribir</b>			
B2.1. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.	LCLB2.1.1. Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas. LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe. LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.	CCL,CMCCT	Le, comprende e interpreta correctamente textos escritos.
B2.2. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.	LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	CD	Sabe empregar diferentes fontes de información: libros, internet...
B2.3. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.	CSIE	Redacta textos escritos con coherencia, cohesión e adecuación.
B2.4. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou académico e social, imitando textos modelo. LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo. LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	CCL,CMCCT,CD	Escrebe textos narrativos, descritivos, instrutivos, dialogados e expositivos.
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C_clave	Mínimos esixibles
<b>B3. Coñecemento da lingua</b>			
B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para	LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos,	CCL	Recoñece e usa correctamente as

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  
CURSO 2021-2022  
IES PLURILINGÜE DE AMES (BERTAMIRÁNS)

resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais. LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.		categorias gramaticais. Coñece e respecta as normas de ortografía e corrixe os posibles erros.
B3.2. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario.	LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.	CD	Emprega dicionarios e ordenadores.
B3.3. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.	LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.	CCL	Redacta con coherencia e cohesión.
B3.4. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.	LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	CSC,CCL	Entende a intención dos textos.
B3.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL,CAA	Participa en proxectos que empregan varias linguas e valora o plurilingüismo como algo positivo.
B3.6. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade do centro educativo e do ámbito social do alumnado.	LCLB3.6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro educativo e do seu ámbito social próximo.	CSC	Respecta a diversidade lingüística.
B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de	LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra,	CAA	Mellora a súa competencia lingüística.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  
CURSO 2021-2022  
IES PLURILINGÜE DE AMES (BERTAMIRÁNS)

textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C_clave	Mínimos esixibles
B4. Educación literaria			
B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, amosando interese pola lectura.	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.	CCL,CCEC	Le con interese e comprende fragmentos e obras literarias propostas.
B4.2. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.	LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros. LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.	CCEC,CSC	Comenta libros e fai dramatizacións de obras.
B4.3. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa. LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	CCL,CCEC,CSIE	Redacta textos literarios a partir de modelos, seguindo as normas dos xéneros literarios e coñecendo os recursos e formas propias da lingua literaria.

<b>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>			
<b>2º ESO</b>			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C_clave	Mínimos esixibles
<b>B1. Comunicación oral: escoitar e falar</b>			
B1.1. Escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, académico ou escolar, e social.	LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/académico e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante. LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. LCLB1.1.3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada.	CCL	Comprende os textos orais, distingue o máis importante e a súa intención.
B1.2. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.	LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral. LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.). LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.	CCL,CAA,CSC	Recoñece nos textos orais o tema, a estrutura e significados de palabras. Fai resumos de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.
B1.3. Escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais.	LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	CCL,CSC	Analiza as intervencións orais nun debate e comprende o seu sentido.
B1.4. Comprender o sentido global de textos orais.	LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e	CSIE,CD.CAA	Valora a súa propia claridade na exposición de textos orais. Axústase ás normas de adecuación, coherencia e cohesión. Emprega medios audiovisuais. Corrixe os seus erros.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  
CURSO 2021-2022  
<p>Valorar a diversidade cultural no mundo, en España e na Comunidade de Galicia e ser respectuosos coas actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos que pertencen a sociedades ou culturas diferentes á propia.</p> <p>Apreciar os dereitos e liberdades das persoas como un logro irrenunciable da humanidade, denunciar as actitudes discriminatorias e inxustas e mostrarse solidario con quen estea privado dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.</p> <p>Aprender a xestionar a información (busca, escollo e tratamento de datos), interpretala e valorala de forma crítica; e a transmitirla aos demais de maneira organizada.</p> <p>Sensibilizarse cos principais problemas do mundo actual (o desigual acceso aos recursos, a globalización, os conflitos políticos, etc.)</p> <p>Coñecer as grandes etapas e os principais acontecementos da Historia.</p> <p>Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.</p> <p>Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos e bizantino.</p> <p>Explicar a organización feudal e a evolución dos reinos cristiáns.</p> <p>Describir e identificar as características da arte islámica, románica e gótica.</p> <p>Analizar o impacto socioeconómico da peste.</p> <p>Analizar a importancia do Camiño de Santiago como vía de enlace entre a España cristián e Europa.</p> <p>Identificar e localizar principais unidades do relevo e da hidrografía de España e Galicia.</p>	<p>Globalización: na forma de vivir, nas comunicacións...</p> <p>Globalización e desigualdade.</p> <p>Fenómenos migratorios: rutas, efectos...</p> <p>A inmigración actual en España e as súas consecuencias.</p> <p>Urbanización no planeta. Cidade e urbanización en Europa, Galicia e España.</p> <p>Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.</p> <p>Identificación dos factores que interveñen nos procesos de cambio histórico, considerando as súas interrelacións.</p> <p>As invasións xermánicas. Os reinos xermánicos e o Imperio bizantino. O feudalismo. A arte bizantina e prerrománico.</p> <p>Evolución dos reinos europeos. O rexurdir das cidades. Arte islámico, románico e gótico.</p> <p>A crise da Baixa Idade Media.</p> <p>Valoración do significado do Camiño de Santiago.</p> <p>Latitude e lonxitude.</p> <p>Medio físico de España e Galicia.</p> <p>Características, relevo e hidrografía.</p> <p>Clima da Península Ibérica.</p> <p>Paisaxes da Península Ibérica e Galicia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece as peculiaridades do medio físico español e galego.</li> <li>• Distingue nun mapa os grandes espazos bioclimáticos de España.</li> <li>• Distingue nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.</li> <li>• Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia.</li> <li>• Distingue no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.</li> <li>• Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e de acollemento.</li> <li>• Coñece a pirámide de poboación de España.</li> <li>• Coñece a pirámide de poboación de Galicia e o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.</li> <li>• Recoñece no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas.</li> <li>• Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.</li> <li>• Coñece planos urbanos dalgunhas cidades representativas.</li> <li>• Coñece algúns elementos que son heranza do pasado.</li> <li>• Nomea e identifica catro clases de fontes históricas (mapas, textos, fotos, gráficos).</li> <li>• Ordena feitos relativamente entre si.</li> <li>• Realiza o eixe cronolóxico da súa vida.</li> <li>• Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.</li> <li>• Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible.</li> <li>• Entende que as etapas históricas</li> </ul>

<p>Coñecer os distintos tipos de climas e paisaxes da Península Ibérica e Galicia Analizar obras de arte da Idade Media.</p> <p>Coñecer as principais correntes artísticas e culturais da Idade Media en Europa diferenciando os principais autores e obras máis significativos do período. Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, etc.</p> <p>Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.</p> <p>Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación na procura e o procesamento da información.</p>	<p>Medio natural e problemas ambientais.</p> <p>Retos e problemas ambientais. Arte e cultura na época medieval.</p> <p>Recoñecemento dos elementos básicos que configuran os principais estilos ou artistas relevantes do mundo medieval, contextualizándoos na súa época, e interpretación de obras artísticas significativas de arquitectura, artes plásticas, literatura e música.</p>	<p>son caracterizadas polos historiadores <i>a posteriori</i>.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Compara as formas de vida do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos</li> <li>• Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.</li> <li>• Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.</li> <li>• Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.</li> <li>• Explica a importancia do Camiño de Santiago.</li> <li>• Comprende o impacto dunha crise nas sociedades medievais europeas.</li> <li>• Describe características básicas da arte románica, gótica e islámica.</li> </ul>
---	---	---

### 3.2.- 3º PMAR

#### LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>Recoñecemento do tema e estrutura dun texto.</p> <p>Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos.</p> <p>Comprensión do lido e expresión correcta a nivel oral e escrito.</p> <p>Produción de textos escritos relacionados co ámbito persoal, académico ou escolar, e social.</p> <p>Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información</p> <p>Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.</p> <p>Recoñecemento das propiedades dun texto: coherencia, cohesión e adecuación</p> <p>Dominio da ortografía, acentuación e puntuación.</p> <p>Análise da estrutura morfolóxica da palabra.</p> <p>Análise das clases de palabras ou categorías gramaticais</p> <p>Recoñecemento e análise das funcións sintácticas da oración simple (cláusula) e a frase.</p> <p>Análise de conectores e de mecanismos de referencia interna (sinonimia, hiperonimia, etc.).</p>	<p>Textos orais en relación co ámbito de uso e a súa finalidade.</p> <p>Os debates, os coloquios e as conversas espontáneas.</p> <p>Aspectos verbais e non verbais dos textos orais.</p> <p>Definición de palabras.</p> <p>Tema, resumo e estrutura dun texto.</p> <p>Propiedades dun texto: coherencia, cohesión e adecuación.</p> <p>Textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.</p> <p>Categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección</p> <p>Normas ortográficas e gramaticais.</p> <p>Procedementos para formar palabras.</p> <p>Grupos de palabras (nominal, adxectiva, preposicional e adverbial) e relacións que se establecen entre os elementos que os conforman no marco da oración simple.</p> <p>Elementos constitutivos da oración simple: suxeito, predicado e complementos.</p> <p>Oracións impersoais, activas e pasivas.</p> <p>Conectores textuais e principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.</p> <p>A realidade plurilingüe de</p>	<p>Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.</p> <p>Comprende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación</p> <p>Resume textos, de forma oral, recollendo as ideas principais e integrándoas con claridade en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.</p> <p>Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura de textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos e instrutivos</p> <p>Escoita, observa e explica o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información salientable, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante.</p> <p>Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</p> <p>Realiza presentacións orais, organizando o contido e elaborando guions previos.</p> <p>Participa activamente en debates e coloquios escolares respectando as regras de interacción, intervención e cortesía que os regulan, manifestando as súas opinións e respectando as opinións das demais persoas.</p> <p>Avalía as intervencións propias e alleas</p> <p>Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.</p> <p>Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.</p>

<p>Recoñecemento e análise de distintos tipos de textos: narrativos, descritivos, dialogados, expositivos e argumentativos.</p> <p>Recoñecemento e análise e estudio dos xéneros literarios e os movementos da Literatura: da Idade Media ao s. XVII incluído.</p> <p>Realización de resumos, redaccións, esquemas e recoñecemento de estruturas nun texto.</p> <p>Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.</p> <p>Consulta e utilización de fontes e recursos variados de información para a realización de traballos.</p> <p>Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p> <p>Participación en debates e faladoiros sobre temas de interese para o alumnado: o mundo do deporte; o uso das tecnoloxías; a educación sexual, a violencia de xénero e os estereotipos sexistas; o proceso de normalización lingüística e a diglosia en Galicia; as consecuencias de levar a cabo un cambio de lingua; os prexuízos asociados á variación social das linguas; a vixencia da obra de Rosalía de Castro e de Curros Enríquez</p> <p>Recoñecemento, explicación e uso de léxico galego, amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e</p>	<p>España.</p> <p>Aproximación aos xéneros literarios e ás obras máis representativas da literatura española da Idade Media ao Século de Ouro e Barroco a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, textos completos.</p> <p>Linguas en contacto: plurilingüismo, bilingüismo social, bilingüismo individual e diglosia.</p> <p>O proceso de normalización lingüística</p> <p>A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.</p> <p>Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.</p>	<p>Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.</p> <p>Respecta as opinións das demais persoas.</p> <p>Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.</p> <p>Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita e axustándose ás normas ortográficas e gramaticais que permiten unha comunicación fluída.</p> <p>Escribe textos argumentativos incorporando diversos tipos de argumento.</p> <p>Resume textos evitando parafrasear o texto resumido.</p> <p>Produce textos escritos diversos</p> <p>Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión.</p> <p>Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.</p> <p>Recoñece e corrixir erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais e escritas.</p> <p>Recoñece e explica os elementos constitutivos da palabra (raíz e afixos).</p> <p>Explica os procedementos de formación de palabras, distinguindo as compostas, as derivadas, as siglas e os acrónimos.</p> <p>Identifica os grupos de palabras en frases e textos, diferenciando a palabra nuclear do resto de palabras que o forman, e explica o seu funcionamento no marco da oración simple.</p>
---	---	---

de vocabulario temático.	<p>Recoñece e explica nos textos o funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado, distinguindo os grupos de palabras que poden funcionar como complementos verbais argumentais e adxuntos.</p> <p>Recoñece e explica nos textos os elementos constitutivos da oración simple, diferenciando suxeito e predicado</p> <p>Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.</p> <p>Identifica estruturas textuais (narración, descrición, explicación e diálogo), explica os mecanismos lingüísticos que as diferencian e aplica os coñecementos adquiridos na produción e na mellora de textos propios e alleos.</p> <p>Localiza nun mapa as linguas de España, explica algunha das súas características diferenciais, recoñece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais.</p> <p>Recoñece as variedades xeográficas do castelán dentro e fóra de España.</p> <p>Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.</p> <p>Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.</p>
--------------------------	--

### XEOGRAFÍA E HISTORIA

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
------------	----------	---------------------------



<p>Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite</p> <p>Coñecer a organización administrativa e territorial de España.</p> <p>Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.</p> <p>Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.</p> <p>Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos</p> <p>Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.</p> <p>Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.</p> <p>Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.</p> <p>Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.</p> <p>Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.</p> <p>Entender os fluxos e os bloques comerciais.</p> <p>Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.</p> <p>Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.</p> <p>Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores</p>	<p>Organización política e territorial de España.</p> <p>Sectores de actividade económica.</p> <p>Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.</p> <p>Sistemas económicos do mundo.</p> <p>Aproveitamento e futuro dos recursos naturais.</p> <p>Desenvolvemento sustentable.</p> <p>Recursos naturais e actividades agrarias.</p> <p>Pesca: tipos e problemática.</p> <p>Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo.</p> <p>Actividades terciarias: transporte.</p> <p>Actividades terciarias: comercio.</p> <p>Turismo.</p> <p>Causas do desenvolvemento desigual no mundo. Débeda externa.</p> <p>Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema.</p> <p>Fontes históricas.</p> <p>Vocabulario histórico e artístico.</p> <p>Idade Moderna: concepto e datación.</p> <p>Renacemento e Humanismo: alcance posterior.</p> <p>Arte renacentista e barroca.</p> <p>Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII.</p> <p>Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.</p> <p>Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón.</p> <p>Posición de Galicia.</p> <p>Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización</p>	<p>Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.</p> <p>Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.</p> <p>Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos.</p> <p>Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.</p> <p>Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.</p> <p>Diferencia os sectores económicos europeos.</p> <p>Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.</p> <p>Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.</p> <p>Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.</p> <p>Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.</p> <p>Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.</p> <p>Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.</p> <p>Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.</p> <p>Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.</p> <p>Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.</p> <p>Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.</p> <p>Describe as características do comercio internacional na actualidade.</p> <p>Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.</p> <p>Identifica os tipos de turismo e os seus efectos.</p> <p>Valora a importancia do turismo na economía española e galega.</p> <p>Comparar as características do consumo interior de</p>
---	---	---

<p>económicos.</p> <p>Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.</p> <p>Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.</p> <p>Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.</p> <p>Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)</p> <p>Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.</p> <p>Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.</p> <p>Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.</p> <p>Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América.</p> <p>Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos.</p> <p>Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.</p> <p>Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media</p>	<p>de América.</p> <p>Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma e guerras de relixión; loita pola hexemonía e guerra dos Trinta Anos.</p>	<p>países como Brasil e Francia.</p> <p>Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.</p> <p>Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.</p> <p>Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.</p> <p>Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos.</p> <p>Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.</p> <p>Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.</p> <p>Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.</p> <p>Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.</p> <p>Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.</p> <p>Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.</p> <p>Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.</p> <p>Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).</p> <p>Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos</p> <p>Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época</p> <p>Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.</p> <p>Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.</p> <p>Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.</p> <p>Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.</p> <p>Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de</p>
---	---	--

<p>e a Idade Moderna.</p> <p>Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.</p> <p>Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.</p>		<p>Castela polo mundo.</p> <p>Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.</p> <p>Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". 90%</p>
--	--	---

#### **4. Secuenciación e temporalización de contidos**

A continuación, presentamos unha proposta de secuenciación dos contidos máis importantes por trimestres, facendo fincapé na posibilidade de levar a cabo modificacións, sempre e cando o consideremos necesario, tendo en conta o grupo concreto para o que programamos. Hai que sinalar tamén que, ademais dos contidos aquí expostos, haberá outros que se traballen de maneira transversal e que serán levados á práctica, polo tanto, en todos os trimestres. Son contidos como: a lectura e o comentario de textos, a linguaxe oral, a acentuación, ortografía e puntuación, o estudo do vocabulario ou a creación literaria.

##### **4.1.- 2º PMAR**

	<b>1º trimestre</b>	<b>2º trimestre</b>	<b>3º trimestre</b>
<b>Lingua castelá e Lingua galega</b>	<p>O texto e as súas propiedades.</p> <p>Tema, resumo e estrutura dun texto.</p> <p>Clases de palabras: sustantivo, adxectivo, determinantes e pronomes.</p> <p>Texto narrativo e descritivo.</p>	<p>Clases de palabras: verbo, adverbio, preposición e conxunción.</p> <p>Formación de palabras.</p> <p>Texto argumentativo e expositivo.</p>	<p>Relacións semánticas.</p> <p>Texto prescritivo.</p> <p>A situación lingüística na Península Ibérica.</p> <p>Normalización e normativización.</p> <p>Linguas minoritarias e minorizadas.</p>
<b>Literatura</b>	<p>Características do texto literario.</p> <p>Xéneros literarios.</p> <p>Xénero narrativo.</p>	<p>Xénero lírico.</p>	<p>Xénero teatral.</p>
<b>Xeografía e Historia</b>	<p>Medio físico en España e Galicia.</p> <p>Os climas.</p>	<p>Poboación: distribución e evolución. As migracións.</p>	<p>Cidade e urbanización.</p> <p>Medio natural e problemas ambientais.</p>

	<p>A civilización romana. Os pobos xermánicos.</p> <p>Idade Media.</p> <p>O feudalismo.</p>	<p>Globalización.</p> <p>O imperio bizantino.</p> <p>O islam e Al-Ándalus.</p> <p>A Península Ibérica entre os séculos XI e XIII.</p>	<p>A crise dos séculos XIV e XV.</p> <p>O camiño de Santiago.</p> <p>Arte e cultura medieval (románica, gótica e islámica).</p>
--	---	---	---

#### 4.2.- 3º PMAR

	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
<b>Lingua castelá e Lingua galega</b>	<p>Tema, resumo e estrutura dun texto</p> <p>As propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</p> <p>As categorías gramaticais (repasso)</p> <p>Grupos de palabras: sintagma nominal, adxectivo, adverbial e preposicional.</p> <p>Texto narrativo e descritivo</p>	<p>Procedementos de formación de palabras (repasso)</p> <p>A oración simple: suxeito, predicado e complementos.</p> <p>Texto expositivo e argumentativo</p>	<p>Tipos de oracións: impersonais, activas e pasivas.</p> <p>Texto prescriptivo</p> <p>Conectores textuais e principais mecanismos de referencia interna</p> <p>A realidade plurilingüe de España</p> <p>Procesos de normalización</p> <p>Linguas en contacto: bilingüismo e diglosia.</p>
<b>Literatura</b>	<p>A literatura castelá na Idade Media</p> <p>A literatura galega medieval: as cantigas de amigo, de amor e de escarnio</p>	<p>A literatura española do Renacemento</p> <p>Os séculos escuros da literatura galega</p>	<p>A literatura española do Barroco</p> <p>O Rexurdimento da literatura galega</p>
<b>Xeografía e Historia</b>	<p>O inicio da Idade Moderna: s.XV e XVI</p> <p>A época dos grandes descubrimentos xeográficos.</p> <p>Transformacións económicas e cambios sociais nos s.XV e XVI</p> <p>Renacemento e Humanismo. Reforma e contrarreforma.</p>	<p>O inicio da Idade Moderna en Europa, España e Galicia.</p> <p>O s. XVII en Europa, España e Galicia. Transformacións e conflitos.</p> <p>O Barroco.</p> <p>Organización política e territorial de España.</p>	<p>As actividades económicas e os espazos xeográficos. O sector primario: os espazos agrarios.</p> <p>O sector secundario: os espazos industriais.</p> <p>O sector terciario: espazos e actividades.</p>

## 5- Liñas metodolóxicas

Os grupos de PMAR son unha medida “excepcional” de atención á diversidade e isto implica tamén un tratamento “excepcional” dos contidos.

No apartado inmediatamente anterior, fixemos unha selección dos mesmos atendendo á súa utilidade para acadar aprendizaxes posteriores. O modo de presentar estes contidos non debe prestarse a confusión, xa que o que se pretendeu foi situar as competencias básicas como eixo vertebrador ao redor do cal xiran obxectivos e contidos e non priorizar uns sobre os outros.

A presentación de contidos xirará arredor de grandes bloques (que transcenden as “materias” propiamente ditas) dun xeito globalizador ou interdisciplinar. Por esta razón, como é lóxico deducir, cando o alumnado estea traballando un bloque estará traballando simultaneamente na consecución de varias competencias básicas e tamén as diferentes materias que ten como referencia este ámbito ( linguas e ciencias sociais).

A participación activa do alumnado do xeito máis adecuado para a actividade que se estea a desenvolver nese momento ( individual ou en grupo, por exemplo) será o criterio fundamental a ter en conta no desenvolvemento do traballo diario, traballo que se organizará do seguinte xeito: das nove horas coas que contamos semanalmente, dúas horas semanais para Lingua Castelá, Lingua Galega e Xeografía e Historia, respectivamente; unha hora semanal dedicada á lectura, e dúas horas dedicadas a traballar con textos xornalísticos ou doutros ámbitos.

## 6- Criterios de avaliación do alumnado.

- Utiliza as linguas galega e castelá oralmente e por escrito, da forma máis axeitada.
- Interpreta e analiza textos dos medios de comunicación, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal, tanto en formato papel como dixital.
- Comprende os libros de lectura propostos.
- Comprende e elabora textos do ámbito académico.
- Coñece o vocabulario básico relacionado coas relacións sociais.
- Substitúe palabras polos sinónimos ou antónimos.
- Distingue nun texto os artigos, substantivos, adxectivos, determinantes,...
- Coñece e aplica con corrección as regras ortográficas básicas.
- Sitúa no tempo e no espazo períodos, feitos, lugares e procesos históricos relevantes.
- Describe os trazos sociais, económicos, políticos, relixiosos, culturais e do arte da Europa feudal e da Europa moderna.
- Identifica as características básicas que dan lugar aos principais estilos artísticos da Idade Media, Renacemento e Barroco, contextualizándoos na etapa na que tiveron a súa orixe, e aplica este coñecemento á análise dalgunhas obras de arte relevantes e representativas destes.
- Describe os factores que condicionan os comportamentos demográficos coñecendo e utilizando os conceptos básicos da demografía para a súa análise, caracterizando as tendencias predominantes e aplicando este coñecemento á análise dos actuais sistemas demográficos español e galego.

- Identifica os trazos característicos da sociedade española actual, e da sociedade galega en particular, distinguindo a variedade de grupos sociais que a configuran, o aumento da diversidade que xera a inmigración, recoñecendo a súa pertenza ao mundo occidental.
- Analiza o crecemento das áreas urbanas, a diferenciación funcional do espazo urbano e algún dos problemas que se lles formulan aos seus habitantes, aplicando este coñecemento a exemplos de cidades españolas e galegas.
- Sistematiza e ordena a información citada nos puntos de avaliación anteriores nun caderno que lle servirá como guía para o traballo e o estudo.

## 7. Criterios de cualificación.

A avaliación será continua, no sentido de revisar e repetir os contidos e as estratexias de traballo ó longo do curso. Para a cualificación final do alumno, atenderase os seguintes porcentaxes:

Primeiro trimestre: 30%

Segundo trimestre: 30%

Terceiro trimestre: 40%

A nota final de cada trimestre obterase a partir destes instrumentos e procedementos de avaliación:

- **Probos escritos:** servirán para avaliar en que medida o alumnado acadou os obxectivos propostos e se adquiriu ou non os contidos sinalados. Haberá unha proba para cada unha das disciplinas que conforman o Ámbito Sociolingüístico (Xeografía, Historia e Arte, Lingua galega e literatura e Lingua castelá e literatura) e para obter a nota final farase unha media entre as tres, a cal se corresponderá co 60 % da nota final (un 20% por materia)
- **Probos de lectura:** intentarase ler, polo menos, un libro en cada trimestre, nesa hora dedicada a lectura en clase, en galego e en castelán. A súa avaliación será levada a cabo nesas sesións, e a maiores mediante unha proba que contará un 10 % da nota final.
- **Traballo de clase:** valorarase cun 30% a implicación do alumnado na clase, o seu esforzo, o caderno, o traballo de aula e da casa, o interese por mellorar e a súa disposición cara a materia.
- **Ortografía:** a corrección lingüística conta **ata dous puntos** (ortografía, acentuación, puntuación, presentación, redacción...). Se os alumnos non cumpren con este requisito, non obterán estes dous puntos ou parte deles en cada proba.

## 8- Contidos mínimos

### 8.1.- 2º PMAR

- Elabora definicións correctamente.
- Sabe situar nun mapa os principais países e cidades dos cinco continentes. Coñece as unidades do relevo de Galiza e España.
- Sabe situar cronoloxicamente e recoñece os principais acontecementos históricos e artísticos da época medieval.
- É capaz de explicar de xeito razoado os acontecementos citados no punto anterior.
- Desenvólvese con soltura buscando información en diferentes soportes: dixitais, papel...

- Mostra unha actitude positiva cara o traballo na aula e na casa: non molesta as demais persoas cando traballan, aproveita o tempo, trae da casa os traballos que se lle encargan, a carpeta está organizada e contén todo o material...
- Redacta con coherencia, cohesión e adecuación.
- Respecta as normas de acentuación, ortografía e puntuación.
- Comprende textos de diferente tipo e expresa correctamente as súas ideas.
- Recoñece as clases de palabras e úsaas correctamente cando escribe.
- Le e comprende as obras de lectura ou fragmentos literarios e os distintos xéneros literarios.

### **8.2.- 3º PMAR**

- Elabora cun grao aceptábel de corrección os diferentes tipos de textos traballados nos cursos de maneira oral e escrita.
- Comprende as principais liñas de evolución, autores e obras das literaturas galega e castelá, dende os seus inicios ata o século XX.
- Sabe situar cronoloxicamente e recoñece os principais acontecementos históricos e artísticos dos séculos XVI e XVII.
- É capaz de explicar de xeito razoado as diferenzas entre os sectores da economía.
- Desenvólvese con soltura buscando información en diferentes soportes: dixitais, papel...
- Mostra unha actitude positiva cara o traballo na aula e na casa: non molesta as demais persoas cando traballan, aproveita o tempo, trae da casa os traballos que se lle encargan, a carpeta está organizada e contén todo o material...
- Redacta con coherencia, cohesión e adecuación.
- Respecta as normas de acentuación, ortografía e puntuación.
- Comprende textos de diferente tipo e expresa correctamente as súas ideas.
- Recoñece as clases de palabras e úsaas correctamente cando escribe.
- É quen de recoñecer as diferentes partes da oración simple e as súas funcións.

## **5.- TEMPORALIZACIÓN DETALLADA DOS CONTIDOS, LIBROS DE TEXTO E OBRAS DE LECTURA**

### **PRIMEIRO DE ESO**

En **1º de ESO**, utilizamos o libro da **editorial SM (Proxecto Savia)**, que consta de 12 temas. En cada trimestre traballaremos 4 temas e seguiremos a orde proposta polo libro. En cada tema, traballaremos os catro bloques da materia: comunicación oral, comunicación escrita, coñecemento da lingua e educación

literaria. Tamén leremos unha obra de lectura obrigatoria por trimestre e adicaremos un día á semana á lectura. O profesor poderá ofrecer unha lista de obras de lectura voluntaria (ata dúas por avaliación). Ademais, empregaranse distintos recursos didácticos na AV.

### **1ª Avaliación:**

En primeiro lugar, e tendo en conta os resultados da avaliación inicial, repasaremos os contidos de Educación Primaria imprescindibles para afrontar o desenvolvemento da nosa materia nesta etapa educativa, insistindo especialmente nas propiedades textuais, as normas de corrección lingüística e de presentación dos textos.

A comunicación: elementos e clases.

As linguas de España. Variedades do castelán.

A lingua literaria e non literaria. Principais recursos.

A narración. Elementos. Estrutura.

A palabra e o seu significado: polisemia, sinonimia e antonimia. O dicionario.

Os medios de comunicación.

Formación de palabras: composición e derivación.

A descrición.

Ortografía: normas xerais. Ditongos e hiatos. Tiles diacríticas. B/V.

Lectura obrigatoria: A elixir tendo en conta o desenvolvemento lector do alumnado entre ***Cuando Hitler robó el conejo rosa*** de Judith Kerr, ou ***¿Quién cuenta las estrellas?***, de Lois Lowry.

### **2ª Avaliación**

Os adxectivos cualificativos, determinativos e pronomes. O verbo.

Textos expositivos, instrutivos e argumentativos.

O xénero lírico.

Ortografía: g/j, h, ll/y, c/k/qu/z.

Lectura obrigatoria: A elixir tendo en conta o desenvolvemento lector do alumnado entre ***Caperucita en Manhattan*** (Carmen Martín Gaité) ou ***El reino de las tres lunas*** de Nando López.

### **3ª Avaliación**

Argumentación nos medios de comunicación.

O diálogo.

As propiedades textuais.

Adverbio, preposición e conxunción.

A puntuación.

O xénero teatral.

Introdución á oración simple.

Lectura obrigatoria: ***La ratonera*** (Agatha Christie). Ed. Vicens Vives

## **SEGUNDO DE ESO**

En 2º de ESO, comezamos co libro LOMCE da **editorial SM (Proxecto Savia)**, que consta de 12 temas. En cada trimestre traballaremos 4 temas. En cada tema, traballaremos os catro bloques da materia: comunicación oral e escrita, coñecemento da lingua e educación literaria. Leremos unha obra obrigatoria por trimestre. Hai obras voluntarias (ata dúas por trimestre).

### **1ª Avaliación:**



Despois da avaliación inicial, tendo en conta os coñecementos previos do alumnado\_ empezaremos cos temas específicos deste nivel educativo.

- ❑ Función da linguaxe. Clases de textos.
- ❑ Modalidades do texto: narración e descrición.
- ❑ A estrutura da palabra. Procedementos da formación de palabras.
- ❑ Significado das palabras. Relacións de significado.
- ❑ O verbo.
- ❑ A lingua literaria. Épocas literarias. Temas, tópicos e personaxes.
- ❑ Ortografía: regras de acentuación, b/v, g/j.

Lectura obrigatoria: ***El pan de la guerra*** de Deborah Ellis (Edelvives)

### **2ª Avaliación:**

- ❑ Os textos prescritivos.
- ❑ A exposición, a argumentación e o diálogo.
- ❑ Categorias gramaticais: substantivo, adxectivo, pronome, determinantes.
- ❑ O xénero narrativo: características e subxéneros.
- ❑ O xénero lírico: características e subxéneros.
- ❑ Ortografía: ll/y, s/x, h, c, z, qu, k.
- ❑

Lectura obrigatoria: ***Relatos escalofriantes*** de Roald Dahl (Alfaguara).

### **3ª Avaliación:**

- ❑ Xéneros periodísticos de opinión, información e mixtos.
- ❑ Categorias gramaticais: adverbio, preposición, conxunción e interxección.
- ❑ A exposición e a argumentación.
- ❑ A oración. Oracións pasivas, impersoais e copulativas.
- ❑ Atributo, complemento predicativo e complementos verbais.
- ❑ Variedades dialectais do español. O español no mundo.
- ❑ xénero lírico: características e subxéneros.
- ❑ Xénero dramático: características e subxéneros.
- ❑ Ortografía. Os signos de puntuación.

Lectura obrigatoria: ***¿Por qué tiene que ser todo tan difícil?*** De Nando López.

## **TERCEIRO DE ESO**

En **3º de ESO**, aclaramos que por circunstancias meramente burocráticas, non se nos permitiu cambiar o libro de texto da materia (circular da Consellería de Educación). As profesoras que imparten clase en 3º prefiren elaborar o seu material e empregar proxectos de internet: **Marea Verde, blog de Teresa Diente de León, Carmen LCL** (inclúen textos, imaxes, cancións...). Basicamente, tanto apuntamentos como actividades das unidades didácticas serán expostos na AV.

En cada tema, traballaremos os catro bloques da materia: comunicación oral e escrita, coñecemento da lingua e educación literaria. Leremos como mínimo unha obra de lectura obrigatoria por trimestre. Hai obras de lectura voluntarias (ata dúas por avaliación).

### **1ª Avaliación:**

Despois da avaliación inicial, tendo en conta os coñecementos previos do alumnado, empezaremos cos temas específicos deste nivel educativo.

#### **LINGUA**

- ☐ A comunicación. Elementos e funcións da linguaxe. Diferenzas entre comunicación oral e escrita. A comunicación non verbal.
- ☐ O texto. Propiedades (adecuación, coherencia e cohesión) e tipoloxías: a narración (substantivo e verbo) e a descrición (adxectivo e adverbio)
- ☐ A palabra. Clasificación. Estrutura interna. Procedementos de formación: composición, derivación, siglas e acrónimos.
- ☐ Tipos de palabras. A estrutura da frase.

#### **LITERATURA**

- ☐ A literatura e a lingua literaria: xéneros, subxéneros, temas, tópicos, métrica, figuras literarias. Introducción ao comentario literario.
- ☐ A Idade Media. A épica medieval. A narrativa didáctica medieval. Mester de Clerecía. A lírica medieval.
- ☐ La literatura prerrenacentista (S.XV): La Celestina, Lazarillo de Tormes.

Obra de lectura obrigatoria: unha obra a elixir entre ***Herejía*** (David Lozano), ***Finis mundi*** (Laura Gallego) VVAA, ***Antología de la lírica amorosa*** (ed. Vicens Vives). Esta antoloxía poética empregárase todo o curso, seleccionando os poemas do periodo estudado en cada avaliación.

### ☐ **2ª Avaliación:**

#### **LINGUA**

- ☐ Orixe do español. Situación plurilingüe de España.
- ☐ O texto expositivo e o texto instrutivo. Os conectores textuais. O diálogo.
- ☐ Sintaxe da oración. Funcións da cláusula. LITERATURA
- ☐ A literatura. Introducción ó comentario literario: xéneros, subxéneros, temas, tópicos, métrica e figuras literarias.
- ☐ A literatura renacentista (s.XVI). Garcilaso de la Vega. *Cervantes* y *El Quijote*.

Obra de lectura obrigatoria: ***Tuerto, maldito y enamorado*** (Rosa Huertas) Ed. Edelvives.  
***Antología de la lírica amorosa***.

### **3ª Avaliación:**

#### **LINGUA**

- ☐ A oración simple. Identificación da súa estrutura sintáctica e creación de estruturas guiadas. Clasificación.
  - ☐ Semántica: ampliación de vocabulario. Sinonimia, antonimia, homonimia e polisemia.
- O texto argumentativo.

#### **LITERATURA**

- ☐ A literatura barroca I. A prosa e a poesía barroca. Góngora, Lope de Vega e Quevedo.
- ☐ A literatura barroca II. O teatro do Século de Ouro. Lope de Vega e Calderón de la Barca.

Obra de lectura obrigatoria: ***El caballero de Olmedo***, de Lope de Vega.  
***Antología de la lírica amorosa***.

## CUARTO DE ESO

En **4º da ESO**, temos o libro LOMCE da **editorial Tabarca** (asociada cas editoriais Ecir e Marfil). Está distribuído en dous libros: un de Lingua, composto por oito unidades, e un de Literatura, que consta de cinco unidades. Os contidos de cada unidade de Lingua castelá se organizan da seguinte maneira: Taller de expresión, Variedades textuais, Gramática e Pragmática, Vocabulario en contexto. Ortografía/ Léxico, Mira cara fora y traballa as túas Competencias, Avaliación en contexto. O de Literatura aborda os séculos XVIII, XIX e XX: contexto histórico, social, cultural e artístico dos diferentes movementos literarios, os grandes escritores e textos representativos. Ao final hai un apartado con máis textos literarios. Con todo, preferimos proporcionarlle ó alumnado o material de traballo por medio da Aula Virtual do Centro (apuntamentos, exercicios, textos, material audiovisual...).

### 1ª Avaliación:

Despois da avaliación inicial, tendo en conta os coñecementos previos do alumnado\_ empezaremos cos temas específicos deste nivel educativo.

- ☐ As propiedades textuais: adecuación, coherencia e cohesión.
- ☐ Comprensión de textos: tema, resumo, intención, ideas principais e secundarias, estrutura.
- ☐ Os xéneros periodísticos. A prensa escrita e dixital: información e opinión. O editorial e as cartas ao director. O artigo de opinión e a columna. A crítica.
- ☐ Repaso das categorías gramaticais, a frase e a oración simple/cláusula.
- ☐ Sintaxe da oración composta: coordinadas e xustapostas.
- ☐ A literatura do século XVIII. Poesía, prosa e teatro neoclásicos.
- ☐ A literatura do século XIX. Romanticismo, Realismo e Naturalismo.

Lerase unha obra obrigatoria : **Insolación** (Emilia Pardo Bazán).

### 2ª Avaliación:

- ☐ A oración complexa (I). Subordinadas substantivas, adxectivas e adverbais. Recoñecemento, análise, creación, transformación.
- ☐ As variedades da lingua.
- ☐ O significado das palabras. Léxico e Semántica. Préstamos e neoloxismos.
- ☐ A literatura finisecular: Modernismo e Xeración do 98.
- ☐ A literatura do primeiro tercio do século XX: Novecentismo, as vangardas e Xeración do 27.

Unha obra de lectura obrigatoria: **Mala Luna** (Rosa Huertas).

### 3ª Avaliación:

- ☐ Procedementos de formación de palabras. Composición e parasíntese. Elementos compositivos cultos. Siglas e acrónimos.
- ☐ Repaso de sintaxe.
- ☐ A lírica posterior a 1939.
- ☐ A narrativa posterior a 1939.
- ☐ O teatro posterior a 1939.

Unha obra de lectura obrigatoria: **Historia de una escalera** (Antonio Buero Vallejo), ed. Vicens Vives ou **La casa de Bernarda Alba** (Federico García Lorca).

### **PRIMEIRO DE BACHARELATO**

En Lingua Castelá e Literatura de **1º de Bacharelato**, temos o libro da **editorial Teide**. Lerase unha obra de lectura obrigatoria por trimestre. Traballaranse así mesmo os catro bloques da materia: comunicación oral e escrita, coñecemento da lingua e educación literaria. Esta distribución pode estar suxeita a algún cambio. . Con todo, preferimos proporcionarlle ó alumnado o material de traballo por medio da Aula Virtual do Centro (apuntamentos, exercicios, textos, material audiovisual...).

#### **1ª Avaliación:**

Despois da avaliación inicial, empezaremos cos temas específicos deste nivel educativo.

- ☐ A literatura do século XVI: lírica, prosa e teatro renacentistas. Miguel de Cervantes.
- ☐ A literatura do século XVII: lírica, prosa e teatro barrocos.
- ☐ Repaso de Morfoloxía e Sintaxe (coordinación e subordinación substantiva).
- ☐ Propiedades do texto: adecuación, coherencia e cohesión.
- ☐ Tipoloxías textuais. O texto argumentativo.

LECTURA: **El Lazarillo de Tormes** (Anónimo).

#### **2ª Avaliación:**

- ☐ A literatura do século XVIII. Ilustración e Neoclasicismo.
- ☐ A literatura do século XIX: Romanticismo.
- ☐ Repaso da Morfoloxía. O verbo.
- ☐ Sintaxe (subordinación adxectiva e adverbial)

LECTURA: **El sí de las niñas** (Leandro Fernández de Moratín)

#### **3ª Avaliación:**

- ☐ A literatura do século XIX. Realismo e Naturalismo. Características, autores e obras.
- ☐ Repaso gramatical do visto nas dúas primeiras avaliacións.
- ☐ Sintaxe (a interodinación).
- ☐ As variedades da lingua.
- ☐ A realidade plurilingüe de España.

LECTURA: **Los pazos de Ulloa** (Emilia Pardo Bazán), ed Santillana, colección Loqueleo.

## SEGUNDO DE BACHARELATO

En Lingua Castelá e Literatura de **2º de Bacharelato** temos como libro de texto o da editorial Santillana, serie Comenta. Baseándonos no devandito manual, temporalizamos o previsto no decreto publicado na LOMCE, adaptado ó programa da CIUG.

En cada trimestre, traballaranse alternativamente e de forma progresiva os contidos de Lingua, Literatura, Comunicación oral e escrita e a práctica de resume, esquema e comentario crítico dun texto.

### 1ª Avaliación:

Despois da avaliación inicial, empezaremos cos temas específicos deste nivel educativo.

#### LITERATURA:

1. O Modernismo. Características xerais a través da figura de Rubén Darío e Delmira Agustini.
2. A novela na Xeración do 98: Baroja, Unamuno e Azorín.
3. As traxectorias poéticas de Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez.
4. Evolución e características xerais da Xeración do 27 a través dalgúns autores: Salinas, Lorca, Alberti, Cernuda e as Sinsombrero.

**LECTURAS:** Dúas obras cos seus temas correspondentes.

***Crónica de una muerte anunciada (Gabriel García Márquez)***, ed. De bolsillo. O realismo máxico; o honor, o amor e o fatum; o perspectivismo e a análise de personaxes. O motivo de ler esta obra ao comezo (aínda que é da segunda metade do século) é que resulta a máis fácil para o alumnado.

***Romancero gitano (Federico García Lorca)***, ed. Espasa. Temas; estrutura externa e interna; compoñentes simbólicos e míticos; trazos formais: entre tradición e innovación.

#### LINGUA E TEXTO:

- TEMA 1. El comentario de texto: resumen, esquema y comentario crítico.
- TEMA 2. Morfología: segmentación de palabras y clasificación. Raíces grecolatinas. Tipos de palabras. Relaciones léxico-semánticas.
- TEMA 3. Sintaxis I: cláusula simple y compleja. Subordinación sustantiva y adjetiva.
- TEMA 4. El texto expositivo. El texto argumentativo.

### 2ª Avaliación:

#### LITERATURA:

- TEMA 5. O teatro español anterior á Guerra Civil: Lorca e Valle-Inclán.
- TEMA 6. A novela española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Camilo José Cela, Miguel Delibes, Carmen Laforet e Luis Martín Santos.
- TEMA 7. A poesía española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Miguel Hernández, Blas de Otero, Gil de Biedma e Gloria Fuertes.
- TEMA 8. A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX. O boom da narrativa: Borges, Cortázar, García Márquez, Vargas Llosa. Este tema podería traballarse na segunda ou na terceira avaliación.

**LECTURA: *El lector de Julio Verne (Almudena Grandes)***, ed. Tusquets. Temas da novela, análise de personaxes, tempo e espazo, estrutura e punto de vista narrativo.

#### LINGUA E TEXTO:

- TEMA 5. Sintaxis II. Adverbiales y bipolares.

- TEMA 6. Tipología textual. Géneros informativos y de opinión en medios de comunicación. La publicidad.

- TEMA 7. Variedades textuales. El español de América. El español de Galicia: interferencias lingüísticas gallego-español.

### **3ª Avaluación:**

#### **LITERATURA:**

-TEMA 9. As figuras de Buero Vallejo e Alfonso Sastre no teatro español posterior á Guerra Civil. A renovación do teatro.

-TEMA 10. A narrativa peninsular dende 1975 ata os nosos días. Principais tendencias: Almudena Grandes, Muñoz Molina, Eduardo Mendoza, Rosa Montero.

**LECTURA: *La Fundación (Antonio Buero Vallejo)*, ed. Espasa. Técnicas e recursos dramáticos; análise de personaxes; argumento e temas fundamentais; lugar, tempo e acción.**

#### **LINGUA E TEXTO:**

-TEMA 8. Propiedades textuales. Procedimientos de coherencia y cohesión. Observación, reflexión y explicación de la deixis espacial, temporal y personal. Elementos referenciales.

-TEMA 9. Reconocimiento y uso de recursos expresivos que marcan la objetividad y la subjetividad.

-TEMA 10. Repaso de morfología, sintaxis y semántica. Incorrecciones frecuentes.

**Ao longo de todo o curso traballarase a expresión oral, que terá a súa cualificación correspondente.**

## **6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA**

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos.

1) Teremos en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade para que todos os alumnos accedan á educación común. A **atención á diversidade** está contemplada nas estratexias didácticas concretas que van a aplicarse na aula. A expresión oral e escrita serán traballadas cun método que teña en conta o punto de partida de cada alumno e as súas dificultades específicas. Así mesmo crearase un ambiente de socialización, e introduciranse na medida do posible, dadas as circunstancias actuais, mecanismos de cooperación: corrección colectiva, traballos en grupo... Neste centro de ensino, a elevada ratio de alumno por aula fai difícil levar a cabo un método individualizado. As editoriais coas que traballamos inclúen fichas de traballo pautadas para atender á diversidade. Asimesmo, o Departamento de Orientación colabora na atención destes alumnos aportando material específico.

2) O currículo básico proposto pola LOMCE/LOMLOE está orientado á **acción**, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de empregar as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación leva a considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, en que se materializan conxuntamente todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Son as **actividades de comprensión e produción** dos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real. A análise e a reflexión sobre a lingua derívanse do que o texto oral ou escrito demande en cada caso. As tarefas de aprendizaxe contribuirán á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliábeis.

Segundo o tipo de tarefa, farase un **traballo individual, en gran grupo, por parellas ou en grupos de tres ou catro (aprendizaxe cooperativo)**. Este ano, dadas as circunstancias, os traballos colectivos faranse de xeito virtual.

Os manuais que se utilizan seguindo as pautas da LOMCE seguen un modelo de ensino que se apoia no enfoque comunicativo. Engade o concepto de **tarefas** para realizar en situacións variadas: resolver un problema, acadar un obxectivo, levar a cabo un proxecto, etc. Este enfoque considera pois ao alumno como un actor social que sabe mobilizar a totalidade das súas **competencias** e dos seus recursos para lograr comunicar e que ten en conta **a educación en valores e o emprendemento**.

Así pois lévase aos alumnos a **implicarse**: invítaselles a falar do que viviron, das súas aptitudes, dos seus gustos; pero solicítase tamén a súa imaxinación facéndolles vivir unhas situacións nas que teñen que inventar novas actividades, novas perspectivas.

É nesta situación cando se anima aos alumnos a que constrúan as súas propias **estratexias**: para **comprender** mellor, para **falar** mellor e para **escribir** mellor, etc.

O alumnado pode **analizar os avances da súa aprendizaxe**: contestando con regularidade a unhas preguntas sobre os seus coñecementos, revisando as adquisicións, reutilizando e autoavaliándose.

A metodoloxía é, por tanto, fundamentalmente **práctica e funcional**: os alumnos deben realizar diferentes tipos de actividades, individuais e en grupo, situadas ao longo das seccións das unidades didácticas. Ademais os alumnos deben colaborar e participar na información que se subministra, de modo que se combinen o método indutivo e dedutivo. A observación, a análise, a reflexión, a relación, a investigación e o diálogo serán as actividades continuadas deste proceso de ensino-aprendizaxe. Pártese dos intereses dos alumnos e das aprendizaxes que posúen, e procurárase que non só adquiren saberes senón que aprendan destrezas e valores.

Hai que citar a integración nas diferentes unidades de aspectos relacionados cos **temas transversais** e a importancia dos **aspectos interdisciplinares**.

3) Lévese a cabo o **traballo en equipo do profesorado** do noso Departamento e con profesores de outros Departamentos, especialmente cos de Lingua Galega e Literatura e as linguas en xeral. Trátase de unificar os criterios, non repetir a mesma materia nos mesmos cursos e poñerse de acordo para explicar os conceptos de maneira que non supoñan dificultades engadidas ó alumnado por utilizar terminoloxías ou procedementos de análise ou de traballo diferentes. Temos elaborado un documento conxunto cos profesores do Departamento de Galego para unificar as pautas relativas á presentación de traballos e exames, á realización de resumos, esquemas e traballos de investigación que será publicado na páxina web do centro e que esperamos poida ser consensuado en primeiro lugar con todos os Departamentos de linguas do centro, e posteriormente con todos os Departamentos.

4) En coordinación co Departamento de Orientación, habilitaranse **mecanismos de reforzo** para aqueles alumnos que teñan dificultades de aprendizaxe (programas PROA e ARCO). En 2º e 3º de ESO, de feito, existen dous **grupos reducidos de alumnos**, para poder ofertar un ensino máis individualizado (grupos de mellora da aprendizaxe e do rendemento académico).

Tamén haberá que elaborar ACIS adaptados aos alumnos que o precisen.

5) Promoverase o **uso e integración das novas tecnoloxías da información e da comunicación**, especialmente a aula virtual e a plataforma educativa proporcionada pola Xunta de Galicia.

6) Adicaremos, sempre que sexa posible, **un tempo á lectura** na práctica docente, como xa é propio desta materia. Proporemos ó claustro a potenciación desta práctica en cantas máis materias mellor, para que non sexa so exclusivamente responsabilidade das asignaturas de Lingua castelá e Lingua galega.

## **7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Seguiranse as propostas dos libros de texto e os CD ROM adxuntos co libro dixital, así como de todo o material alternativo que ofrecen as diferentes editoriais; a información e actividades pódense completar con material fotocopiado. Utilizaranse os fondos bibliográficos da Biblioteca do centro e farase uso das novas tecnoloxías da información; empregarase o material audiovisual con que conta o centro (aula virtual, vídeo, ordenador, canón, pizarra dixital...).

### **1) Os libros de texto**

Os libros de texto que se van utilizar durante o curso 2021-2022 son os seguintes:

- Lengua Castellana y Literatura 1º ESO, ed. SM, Proxecto Savia.
- Lengua Castellana y Literatura 2º ESO, ed. SM, Proxecto Savia.
- Lengua Castellana y Literatura 3º ESO, Proxectos dixitais variados e aula virtual.
- Lengua Castellana y Literatura 4º ESO, Proxectos dixitais variados e aula virtual.
- Lengua Castellana y Literatura 1º Bacharelato, ed. Teide e aula virtual.
- Lengua y Literatura. Serie Comenta. 2º Bacharelato, ed. Santillana.

### **2) Material analóxico complementario:**

Tamén dispoñemos dunha **Biblioteca Escolar** bastante ben dotada (en ocasión con fondos de PlanBe) que ten moitos volumes de literatura infantil e xuvenil, clásicos, ensaios, enciclopedias, atlas, dicionarios de todo tipo, libros de arte, películas en DVD... Tamén hai diversidade de revistas (*Qué leer, Muy Interesante, National Geographic...*) e algún xornal.

### **3) Material informático e audiovisual:**

As Aulas teñen **pizarra dixital**, ordenador do profesor e **canón**.

Dadas as especiais circunstancias deste curso, os alumnos non poderán utilizar o material informático do que habitualmente dispoñen no centro. Deberán empregar material de uso persoal (tabletas, ordenadores ou teléfonos móbiles), polo que é especialmente importante detectar desde principio de curso quen non dispón destas ferramentas dixitais.

Son moitas as páxinas web cas que podemos conectar (RAE, Instituto Cervantes, editoriais coas que traballamos...), periódicos dixitais (La Voz de Galicia, El País, etc) e revistas dixitais especializadas (véxase a sección das TICS). Usarase con regularidade a Aula Virtual sobre todo a partir de 3º da ESO.

## **8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A avaliación contribuirá a mellorar o rendemento dos alumnos; para que isto sexa posible, é necesario que sexa unha **avaliación continua (estará atenta ao progreso do alumnado e establecerá medidas de reforzo de ser preciso), formativa e integradora. Realizaranse ao longo do curso unha avaliación inicial, tres avaliacións trimestrais ordinarias** coas súas correspondentes cualificacións, coincidindo coas datas fixadas pola Xefatura de estudos, habitualmente a fin de cada trimestre natural. Isto suporá a revisión e avaliación tamén do proceso de ensino e, conseguintemente, a elaboración de propostas de mellora. Por último, unha **avaliación extraordinaria no mes de xuño**.



## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. NORMAS XERAIS PARA TODOS OS CURSOS**

1. Contémplase sempre o dereito do alumno a unha **avaliación obxectiva e o dereito de recuperación**, e tense en conta o traballo ao longo do curso. Faremos unha **avaliación continua** na que en cada trimestre retomaremos os contidos das avaliacións anteriores. Isto é especialmente claro no caso da parte de Lingua, pois os coñecementos e as dificultades de traballo vanse sumando a medida que avanza o curso. No que respecta ós contidos de Literatura, que tratan períodos diferentes en cada trimestre, e por iso poden parecer independentes, optamos por facer igualmente unha avaliación continua.

Ao final de curso, co fin de que se teña en conta o traballo realizado, se fará a media das tres avaliación coa seguinte ponderación: **30% (primeira avaliación) + 30% (segunda avaliación) + 40% (terceira avaliación)**.

No caso de non ter acadados os obxectivos, realizarase unha proba de recuperación final da materia. De non superala, o alumnado ha ter que presentarse á proba de recuperación en xuño (Avaliación extraordinaria). Nestas probas de recuperación atenderase aos obxectivos mínimos e só incluírán os estándares de comprensión e expresión escrita, coñecemento da lingua e educación literaria.

2. Os exames levarán recollida a puntuación asignada a cada apartado e pregunta, e cada pregunta aparecerá cualificada individualmente.

3. Farase, como mínimo, un exame escrito por avaliación; cada profesor poderá facer, a partir deste mínimo, os que considere necesarios (en xeral, dous ou tres exames e probas de lectura). Así mesmo pode haber outras probas escritas e orais. Os exames poden estar divididos en parte de Lingua e parte de Literatura ou ser específicos de cada unha das partes da materia. Os contidos serán máis ou menos proporcionais entre as partes e recollerán os estándares do currículo. Considerarase que un alumno supera a materia se en cada avaliación ten unha cualificación igual ou superior a 5. Nas avaliacións de xuño, ordinaria e extraordinaria, se redondeará á décima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

4. En ESO e Bacharelato, en todas as probas e traballos escritos (*Bloque : Comunicación escrita: Ler e escribir*) se valorará a **expresión escrita e a corrección lingüística** até dous puntos por estes aspectos: presentación adecuada, precisión terminolóxica, uso correcto dos procedementos de adecuación, coherencia e cohesión (conectores apropiados, puntuación...) e corrección ortográfica. O uso correcto destes elementos vale ata **dous puntos**. Por suposto, os alumnos con algunha necesidade educativa especial terán un tratamento específico, marcado polo protocolo concreto da Xunta de Galicia.

5. As intervencións na aula, espontáneas ou planificadas (*Bloque escoitar e falar*) deben ser axeitadas sempre á situación comunicativa e aos receptores, polo que calquera tipo de actitude contraria ás normas básicas de comunicación, tal e como recollen os estándares de aprendizaxe, serán tidas en conta para a cualificación.

6. O alumno verá sempre os seus exames corrixidos e poderá pedir aclaracións ao seu profesor. As correccións que realice o profesor/a sobre as tarefas, exercicios e traballos do alumnado serán coñecidos por este sempre que sexa posible, para iso se amosarán unha vez corrixidos. Esta norma considerase de obrigado cumprimento no caso das probas obxectivas.

7. O plaxio ou copia de traballos e exames terá como sanción unha cualificación de 0. A copia doutros compañeiros ou a través de calquera procedemento nun exame ou traballo supón suspender directamente e terá unha cualificación de 0 puntos. Nos traballos feitos en casa, a copia directa e sen procesar de información extraída de Internet ou doutras fontes suporá suspender ese traballo e terá unha cualificación de 0 puntos.

A cualificación obtida en cada avaliación será a resultante de aplicar as seguintes porcentaxes:

**PRIMEIRO DE ESO:**

- **Exames ou probas escritas: 70 %.**
- **Proba de expresión escrita e corrección lingüística: 10%.**
- **Libro de lectura obrigatoria: 10%.** Haberá probas orais e/ou escritas para determinar o grado de comprensión do libro.
- **Traballos realizados polos alumnos na casa, na clase, caderno de clase, expresión oral. Terase en conta tanto o realizado de forma presencial coma virtual: 10 %.** Os apartados a valorar son os seguintes:
  - a) Realiza o traballo asignado e no prazo indicado.
  - b) Participa activamente.
  - c) Trae o material de aula e o emprega correctamente.
  - d) Ten un caderno ordenado e ben presentado.
  - e) Esfórzase por mellorar e corrixir os erros.
  - f) É respectuoso cos compañeiros e co profesor.
  - g) Comunícase oralmente de xeito adecuado á situación.
  - h) Respecta as normas de intervención oral e o traballo en equipo.

En todos os exercicios escritos, valorarase a presentación, expresión, ortografía, acentuación e puntuación; nos exercicios orais valórase a dicción, a expresión adecuada e o respecto cara os demais. Todo isto poderá supoñer ata un máximo de **dous puntos** (sobre dez).

<b>Estándares dos bloques de contidos de 1º ESO</b>	<b>PROCEDEMENTO/ Instrumento</b>	<b>% na nota das Avaliacións</b>
<u>ESCOITAR: LCLB1.1.1., 1.2.1., 1.3.1., 1.3.2., 1.3.3.</u>	Proba escrita de comprensión oral e rexistro cuantitativo. Observación e rexistro Cualitativo	10%
<u>FALAR: 1.4.1., 1.5.1.</u>	Observación e rúbrica de expresión oral.:	
<u>LER: 2.1.1., 2.1.2., 2.1.3., 2.2.1., 2.2.2., 2.2.3.</u> <u>Inclúe os libros de lectura obrigatoria.</u>	Proba escrita de comprensión lectora e rexistro cuantitativo. Observación e rexistro cualitativo.	20%
<u>ESCRIBIR:2.3.1., 2.4.1., 2.4.2., 2.4.3.</u> <u>Inclúe os libros de lectura obrigatoria.</u>	Producións textuais individuais e rúbrica. Produción textos nos exames	20%
<u>COÑECEMENTO DA LINGUA: 3.1.1., 3.1.2., 3.1.3., 3.2.1., 3.3.1., 3.4.1., 3.5.1., 3.6.1., 3.7.1.</u>	Exames e rexistro cuantitativo das notas.	30%
<u>EDUCACIÓN LITERARIA: 4.1.1., 4.2.2., 4.3.2.</u>	Exames e probas de lectura Traballos individuais ou en grupo	20%

**Recuperacións:**

Realizaremos unha avaliación continua e integradora do alumnado. Terase en conta o traballo realizado durante todo o curso, a nota final do alumno se calculará atendendo ás seguintes porcentaxes: **30% (primeira avaliación), 30% (segunda avaliación), 40% (terceira avaliación).**

Se non se superou ningunha avaliación, nin tampouco a proba ordinaria de xuño, o alumnado presentarse á proba extraordinaria de xuño.

### SEGUNDO DE ESO:

- **Exames ou probas escritas: 70 %.**
- **Proba de expresión escrita e corrección lingüística: 10%.**
- **Libro de lectura obrigatoria: 10%.** Haberá probas orais e/ou escritas para determinar o grado de comprensión do mesmo.
- **Traballos realizados polos alumnos na casa, na clase, caderno de clase, expresión oral. Terase en conta tanto o realizado de forma presencial coma virtual: 10 %.**
  - a) Realiza o traballo asignado e no prazo indicado.
  - b) Participa activamente.
  - c) Trae o material de aula e o emprega correctamente.
  - d) Ten un caderno ordenado e ben presentado.
  - e) Esfórzase por mellorar e corrixir os erros.
  - f) É respectuoso cos compañeiros e co profesor.
  - g) Comunícase oralmente de xeito adecuado á situación.
  - g) Respecta as normas de intervención oral e o traballo en equipo.

En todos os exercicios escritos, valorarase a presentación, expresión, ortografía, acentuación e puntuación e a expresión oral **ata dous puntos** (sobre dez).

Estándares dos bloques de contidos	PROCEDEMENTO/ Instrumento	% na nota das Avaliacións
<u>ESCOITAR: LCLB1.1.1., 1.2.1., 1.3.1., 1.3.2., 1.3.3.</u>	Proba escrita de comprensión oral e rexistro cuantitativo. Observación e rexistro cualitativo	10%
<u>FALAR: 1.4.1., 1.5.1.</u>	Observación e rúbrica de expresión oral.	
<u>LER: 2.1.1., 2.1.2., 2.1.3., 2.2.1., 2.2.2., 2.2.3.</u> <u>Inclúe os libros de lectura obrigatoria.</u>	Proba escrita de comprensión lectora e rexistro cuantitativo. Observación e rexistro cualitativo.	20%
<u>ESCRIBIR:2.3.1., 2.4.1., 2.4.2., 2.4.3.</u>	Producións textuais individuais e rúbrica. Producción textos nos exames	30%
<u>COÑECEMENTO DA LINGUA: 3.1.1., 3.1.2., 3.1.3., 3.2.1., 3.3.1., 3.4.1., 3.5.1., 3.6.1., 3.7.1.</u>	Exames e rexistro cuantitativo das notas.	20%
<u>EDUCACIÓN LITERARIA: 4.1.1., 4.2.2., 4.3.2.</u>	Exames e probas de lectura Traballos individuais ou en grupo	20%

#### **Recuperacións:**

Realizaremos unha avaliación continua e integradora do alumnado. Terase en conta o traballo realizado durante todo o curso, a nota final do alumno se calculará atendendo ás seguintes porcentaxes: **30% (primeira avaliación), 30% (segunda avaliación), 40% (terceira avaliación).**

Se non se superou ningunha avaliación, nin tampouco a proba ordinaria de xuño, o alumnado presentarse á proba extraordinaria de xuño.

**TERCEIRO DE ESO:**

- **Exames ou probas escritas: 70 %.**
- **Libro de lectura obrigatoria: 10%.** Haberá probas orais e/ou escritas para determinar o grado de comprensión do mesmo.
  - **Proba de expresión escrita e/ou oral: 10%**
- **Traballos feitos polos alumnos na casa e na clase e intervencións orais. Terase en conta tanto o realizado de forma presencial coma virtual: 10 %.**
  - a) Realiza o traballo asignado e no prazo indicado.
  - b) Participa activamente.
  - c) Trae o material de aula e o emprega correctamente.
  - d) Ten un caderno ordenado e ben presentado.
  - e) É respectuoso cos compañeiros e co profesor.
  - f) Respecta as normas de intervención oral e o traballo en equipo.
  - g) Comunícase oralmente de xeito adecuado á situación.
  - h) Esfórzase por mellorar e corrixir os erros.
- En todos os exercicios escritos, valorarase a presentación, expresión, ortografía, acentuación e puntuación; nos exercicios orais, valórase a dicción e a expresión adecuada. Todo isto poderá supoñer ata un máximo de **dous puntos** (sobre dez).

**Recuperacións:**

Realizaremos unha avaliación continua e integradora do alumnado. Terase en conta o traballo realizado durante todo o curso, a nota final do alumno se calculará atendendo ás seguintes porcentaxes: **30% (primeira avaliación), 30% (segunda avaliación), 40% (terceira avaliación).**

Se non se superou ningunha avaliación, nin tampouco a proba ordinaria de xuño, o alumnado presentarse á proba extraordinaria de xuño.

Estándares dos bloques de contidos de 3º ESO	PROCEDIMENTO/ Instrumento	% na nota das Avaliacións
ESCOITAR: LCLB1.1.1., 1.2.1., 1.3.1., 1.3.2., 1.3.3.	Proba escrita de comprensión oral e rexistro cuantitativo.  Observación e rexistro  Cualitativo	10%
FALAR: 1.4.1., 1.5.1.	Observación e rúbrica de expresión oral.:	

<p>LER: 2.1.1., 2.1.2., 2.1.3., 2.2.1., 2.2.2., 2.2.3.</p> <p>Inclúe os libros de lectura obrigatoria.</p>	<p>Proba escrita de comprensión lectora e rexistro cuantitativo.</p> <p>Observación e rexistro cualitativo.</p>	20%
<p>ESCRIBIR:2.3.1., 2.4.1., 2.4.2., 2.4.3.</p> <p>Inclúe os libros de lectura obrigatoria.</p>	<p>Producións textuais individuais e rúbrica.</p> <p>Producción textos nos exames.</p>	
<p>COÑECEMENTO DA LINGUA: 3.1.1., 3.1.2., 3.1.3., 3.2.1., 3.3.1., 3.4.1., 3.5.1., 3.6.1., 3.7.1.</p>	<p>Exames e rexistro cuantitativo das notas.</p> <p>Exercicios e caderno do alu</p>	30%
<p>EDUCACIÓN LITERARIA: 4.1.1., 4.2.2., 4.3.2.</p> <p>Inclue os libros de lectura obrigatoria</p>	<p>Exames e probas de lectura</p> <p>Traballos individuais ou en grupo</p>	40%

#### CUARTO DE ESO:

- **Exames ou probas escritas: 70 %.**
- **Actividades de expresión escrita/oral: 10 %**
- **Libro de lectura obrigatoria: 10 %.** Haberá probas orais e/ou escritas para determinar o grado de comprensión do mesmo.
- **Traballos realizados polos alumnos na casa, na clase e expresión oral. Terase en conta tanto o realizado de forma presencial coma virtual: 10 %.**
  - a) Realiza o traballo asignado e no prazo indicado.
  - b) Participa activamente.
  - c) Trae o material de aula e o emprega correctamente.
  - d) Ten un caderno ordenado e ben presentado.
  - e) Esfórzase por mellorar e corrixir os erros.
  - f) Respecta as normas de intervención oral e o traballo en equipo.
  - g) Comunícase oralmente de xeito adecuado á situación.
  - h) Esfórzase por mellorar e corrixir os erros.

En todos os exercicios escritos, valorarase a presentación, expresión, ortografía, acentuación e puntuación; nos exercicios orais, valórase a dicción e a expresión adecuada. Todo isto poderá supoñer ata un máximo de **dous puntos** (sobre dez).

<b>Estándares dos bloques de contidos de 4º ESO</b>	<b>PROCEDEMENTO/ Instrumento</b>	<b>% na nota das avaliacións</b>
<u>ESCOITAR: LCLB1.1.1., 112, 113,1.2.1., 122, .3.1.</u>	Proba escrita de comprensión oral e rexistro cuantitativo. Observación e rexistro Cualitativo	10%
<u>FALAR: 1.4.1., 1.5.1.152, 152, 154, 155, 161, 162.</u>	Observación con ficha de control e rúbrica de expresión oral.	
<u>LER: 2.1.1., 2.1.2., 2.1.3., 2.2.1., 2.2.2., 2.3.1., 2.3.2., 2.3.3.</u> <u>Inclúe os libros de lectura obrigatoria.</u>	Proba escrita de comprensión lectora e rexistro cuantitativo. Observación e rexistro cualitativo.	10%
<u>ESCRIBIR:2.4.1., 2.5.1., 2.5.2., 2.6.1., 2.6.2., 2.7.1., 2.7.2., 2.7.3., 2.7.4.</u>	Produccións textuais individuais e rúbrica. Producción textos nos exames	10%
<u>COÑECEMENTO DA LINGUA: 3.1.1., 3.1.2., 3.2.1., 3.2.2., 3.3.1., 3.3.2., 3.4.1., 3.4.2., 3.4.3., 3.5.1., 3.6.1., 3.7.1., 3.7.2., 3.8.1., 3.8.2., 3.9.1., 3.10.1.</u>	Caderno. Exames e rexistro cuantitativo das notas.	30%
<u>EDUCACIÓN LITERARIA: 4.1.1., 4.2.1., 4.3.1., 4.4.1., 4.4.2., 4.5.1., 4.5.2., 4.6.1., 4.6.2., 4.7.1., 4.7.2.</u>	Caderno. Exames e probas de lectura Traballos individuais ou en grupo	40%

### Recuperacións:

Realizaremos unha avaliación continua e integradora do alumnado. Terase en conta o traballo realizado durante todo o curso, a nota final do alumno se calculará atendendo ás seguintes porcentaxes: **30% (primeira avaliación), 30% (segunda avaliación), 40% (terceira avaliación).**

Se non se superou ningunha avaliación, nin tampouco a proba ordinaria de xuño, o alumnado presentárase á proba extraordinaria de xuño.

### PRIMEIRO DE BACHARELATO:

- **Exames ou probas escritas: 80 %.**
- **Libro de lectura obrigatoria: 10%.** Haberá probas orais e/ou escritas para determinar o grado de comprensión do mesmo.  
A posible lectura de obras voluntarias ou traballos podería subir a nota **un punto**. Pódense ler ata dúas obras voluntarias (0,5 cada unha) cando a nota media sexa un 5 e se realice o 50% das tarefas de aula.
- **Traballo diario, expresión oral planificada e espontánea. Terase en conta tanto o realizado de forma presencial coma virtual: 10 %.**
  - a) Realiza o traballo asignado e no prazo indicado.
  - b) Participa activamente.
  - c) Trae o material de aula e o emprega correctamente.
  - d) Esfórzase por mellorar e corrixir os erros.
  - e) Respecta as normas de intervención oral e o traballo en equipo.
  - f) Comunícase oralmente de xeito adecuado á situación.
  - g) Esfórzase por mellorar e corrixir os erros.

En tódolos exercicios escritos valorarase a presentación, orde, limpeza, caligrafía, expresión, uso de marxes e ortografía. Na expresión oral, valorarase a pronunciación, o ritmo, a entoación, así como a corrección lingüística. O uso correcto destes elementos poderá supoñer ata **dous puntos**.

Estándares dos bloques de contidos	PROCEDEMENTO/ Instrumento	% na nota das Avaliacións
<u>ESCOITAR E FALAR: LCL1B:</u> 1.1.1., 1.1.2., 1.1.3., 1.1.4., 1.2.1., 1.2.2., 1.2.3., 1.3.1., 1.3.2.	Observación con ficha de control e rúbrica de expresión oral. Producións orais	10%
<u>LER E ESCRIBIR: 2.1.1., 2.1.2.,</u> 2.1.3., 2.2.1., 2.2.2., 2.3.1., 2.3.2., 2.4.1., 2.4.2., 2.4.3., 2.4.4.	Producións textuais individuais e rúbrica. Producción textos nos exames	20%
<u>Inclúe os libros de lectura obrigatoria.</u>		
<u>COÑECEMENTO DA LINGUA:</u> 3.1.1., 3.1.2., 3.2.1., 3.2.2., 3.2.3., 3.2.4., 3.2.5., 3.3.1., 3.3.2., 3.3.3., 3.3.4., 3.3.5., 3.4.1., 3.4.2., 3.5.1., 3.5.2., 3.5.3., 3.6.1., 3.7.1., 3.8.1., 3.8.2., 3.9.1., 3.10.1.	Caderno. Exames e rexistro cuantitativo das notas.	30%
<u>EDUCACIÓN LITERARIA: 4.1.1.,</u> 4.2.1., 4.2.2., 4.3.1., 4.3.2., 4.4.1., 4.4.2., 4.4.3.	Caderno. Exames e probas de lectura Traballos individuais ou en grupo	40%
<u>Inclúe os libros de lectura obrigatoria.</u>		

#### **Recuperacións:**

A avaliación é continua e integradora. A nota final do alumno calcularase atendendo ás seguintes porcentaxes: **30% (primeira avaliación), 30% (segunda avaliación), 40% (terceira avaliación)**.

Se non se superou ningunha avaliación, nin tampouco a proba ordinaria de xuño, o alumnado presentarse á proba extraordinaria de xuño.

#### **SEGUNDO DE BACHARELATO:**

- **Exames ou probas escritas: 80 %.**
- **Probas sobre os libros de lectura obrigatoria: 10%.** Haberá probas orais e/ou escritas para determinar o grado de comprensión dos mesmos. No primeiro e segundo trimestre, leranse dous libros en cada un.
- **(Opcional) Traballo de investigación e exposición oral planificada realizado no terceiro trimestre para o alumnado coa materia aprobada e sobre os libros de lectura obrigatoria: 10%.**
- **Traballos realizados na casa, na clase e intervencións orais espontáneas/planificadas. Terase en conta tanto o realizado de forma presencial coma virtual: 10 %.**
  - a) Realiza o traballo asignado e no prazo indicado.
  - b) Participa activamente.
  - c) Trae o material de aula e o emprega correctamente.
  - d) Esfórzase por mellorar e corrixir os erros.
  - e) Respecta as normas de intervención oral e o traballo en equipo.

- f) Comunícase oralmente de xeito adecuado á situación.
- g) Esfórzase por mellorar e corrixir os erros.

En todos os exercicios escritos, valorarase a **corrección lingüística** (presentación, ortografía, puntuación, coherencia, cohesión e adecuación) ata 2 puntos (sobre 10).

Estándares dos bloques de contido de 2º de Bacharelato.	PROCEDIMENTO/ Instrumento	% na nota das Avaliacións
ESCOITAR E FALAR: LCL1B: 1.1.1., 1.1.2., 1.2.1., 1.3.1., 1.4.1., 1.4.2., 1.4.3., 1.4.4., 1.4.5.	Observación con ficha de control e rúbrica de expresión oral.  Rexistro caderno profesora.	10%
LER E ESCRIBIR: 2.1.1., 2.1.2., 2.1.3., 2.1.4., 2.2.1., 2.2.2., 2.2.3., 2.3.1., 2.3.2., 2.3.3., 2.4.1., 2.4.2., 2.4.3.  Inclúe os libros de lectura obrigatoria.	Producións textuais individuais e rúbrica.  Producción textos nos exames	20%
COÑECEMENTO DA LINGUA: 3.1.1., 3.1.2., 3.2.1., 3.2.2., 3.3.1., 3.3.2., 3.4.1., 3.5.1., 3.5.2., 3.6.1., 3.6.2., 3.6.3., 3.6.4., 3.6.5., 3.6.6., 3.7.1., 3.8.1., 3.9.1., 3.9.2., 3.10.1., 3.11.1.	Caderno. Exames e rexistro cuantitativo das notas.	30%
EDUCACIÓN LITERARIA: 4.1.1., 4.2.1., 4.2.2., 4.3.1., 4.4.1., 4.5.1.  Inclúe os libros de lectura obrigatoria	Caderno. Exames e probas de lectura  Traballos individuais ou en grupo	40%

#### Recuperacións:

- a) A avaliación é continua tanto para os contidos de lingua como para os de literatura.
- b) A nota final obterase con esta ponderación: **30% (1ª avaliación), 30% (2ª av.), 40% (3ª av.)**.

Se non se supera a materia atendendo a estas porcentaxes, o alumnado presentarse á proba final de maio. Nela non se terán en conta os estándares do bloque “*Escoitar e falar*”. No caso de non acadar os obxectivos na avaliación ordinaria de maio, o alumnado coa materia pendente terá unha avaliación extraordinaria en **xuño**.

**Exames:** Nos dous primeiros trimestres, haberá un exame de Lingua, un de Literatura e unha proba de lectura. No último trimestre, a proba de Lingua e Literatura será conxunta.



## 8.2. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

- Análise do traballo realizado. Todo o traballo do alumno será anotado polo profesor para xustificar a súa cualificación: resumos, traballos diversos, textos escritos, exposicións orais, etc.
- Intercambios orais cos alumnos: diálogo, entrevista, debates...
- Probas concretas: exposición dun tema, resolución de exercicios (con regularidade), exames (habitualmente un ou dous por avaliación) etc.
- Traballo diario en clase, actitude e participación.
- Lectura de obras obrigatorias e voluntarias en cada trimestre (control de obras de lectura).
- Rexistros de incidencias.
- Se habilitarán actividades de reforzo para alumnos con necesidades educativas especiais ou de ampliación para alumnos con altas capacidades. Usarase activamente a Aula Virtual.

## 8.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE XUÑO (AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA) PARA TODOS OS CURSOS (INCLUÍDO O ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE))

A nota final da proba extraordinaria de xuño será a que figure no exame (100% da nota) e non se terán en conta os estándares do *Bloque: escoitar e falar*.

O exame será igual para todos os alumnos, respectando sempre os contidos mínimos, levará indicada a puntuación e o alumno preparará toda a materia. A puntuación repartirase de xeito máis ou menos equilibrado entre Lingua e Literatura. A promoción do alumnado na materia farase atendendo ao logro dos estándares de aprendizaxe básicos e ao grao de adquisición das competencias correspondentes. Cando nesa proba obteña unha cualificación igual ou superior a 5 considerarase aprobado e promocionará, e se a nota é inferior a 5, considérase suspenso e non promocionará. Nesta proba extraordinaria aplicarase un redondeo da cualificación final, o criterio xenérico será arredondar á décima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

## 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Incluimos dúas táboas para avaliar, por un lado, o proceso de ensino en xeral e, por outro, a práctica docente en particular. Con todo, son conceptos que se irán vendo ao longo do curso a medida que se vai avanzando ca Programación didáctica e se comproba o nivel e a actitude dos grupos correspondentes de alumnos. Aquí, faise só un achegamento teórico.

### 1. Avaliación do proceso de ensino:

ASPECTOS A AVALIAR	OBSERVACIÓNS	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das Unidades			
Desenvolvemento dos obxectivos			
Manexo dos contidos da unidade			
Desenvolvemento das competencias			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			

<b>Uso dos Recursos</b>			
<b>Claridade nos criterios de avaliación</b>			
<b>Uso de ferramentas de avaliación</b>			
<b>Cumprimento cos estándares de aprendizaxe previstos</b>			
<b>Atención á diversidade</b>			
<b>Tratamento dos temas transversais</b>			

## 2. Avaliación da práctica docente:

<b>DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
▪ Informa aos alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación				
▪ Informa ás familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.				
▪ Formula situacións introdutorias previas ó tema que vai tratar.				
▪ Estimula a participación dos alumnos a partir das súas experiencias.				
▪ Comunica a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia, utilidade na vida real.				
▪ Presenta os contidos de forma clara e didáctica.				
▪ Facilita a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando.				
▪ Á hora de seleccionar as actividades, ten en conta diferentes ritmos e intereses.				
▪ Formula actividades variadas, incluíndo reforzo e ampliación.				
▪ Hai equilibrio entre actividades individuais e de grupo.				
▪ Fomenta o traballo integrador e en equipo.				
▪ Procura que non quede ningún alumno pasivo.				
▪ Emprega metodoloxías variadas.				
▪ Ten en conta a interdisciplinariedade				
▪ Emprega recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos...).				
▪ Comproba que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar.				
▪ Facilita estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións..				
▪ Revisa e corrixe con certa regularidade actividades propostas na clase e para a casa.				
▪ Informa ao alumnado sobre a mellora do seu traballo.				

▪ No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propón novas actividades.				
▪ No caso de que os logros acadados sexan suficientemente acadados, propón novas actividades				
▪ Propón actividades adecuadas aos estándares e contidos.				
▪ Adopta medidas de apoio para o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe.				
▪ Coordina co profesor de apoio a adecuación de contidos, actividades, metodoloxía, dos alumnos con dificultades.				
▪ Ten en conta ao Dep. de Orientación na adopción de medidas co alumnado con necesidades de apoio.				

Código: O 4 indica o maior grado de consecución.

## **10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS**

### **10.1. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN.**

Da propia materia durante o curso.

Se algún alumno ou alumna presenta dificultades no proceso de aprendizaxe durante o curso, a profesora levará a cabo un programa de recuperación destinado a mellorar e reforzar aqueles coñecementos ou procedementos onde detecta a dificultade.

Así, faranse as seguintes actividades:

- Traballos específicos e personalizados para reforzar os contidos onde se presentan dificultades.
- Explicacións concretas para ese alumnado.
- Traballo en coordinación co Departamento de orientación.

Como os contidos de lingua son de carácter progresivo, non será necesario programar probas obxectivas para dar conta de obxectivos anteriores que non se conseguiran. En calquera caso, cada profesor do curso pode decidir de maneira excepcional repetir probas obxectivas nas que non se acadaran os obxectivos.

Da materia pendente doutros cursos.

Para alumnado de ESO:

- **Material de recuperación (10%)** Cada profesor encargárase de avaliar o alumnado coa materia pendente de cursos anteriores. Durante o curso, o profesor traballará con cada alumno e alumna persoalmente, de maneira que vaian practicando os contidos da materia do ano anterior. Cada alumno ou alumna practica especialmente aqueles apartados nos que ten máis dificultades, para o efecto, profesor responsable fará un material adecuado destinado a ese fin.
- **Probas escritas (90%)**
  - Haberá **dúas probas** parciais de **realización voluntaria** (aproximadamente, despois de Nadal e despois de Semana Santa). Serán comúns para cada nivel. Constarán dos seguintes apartados:
    - Cuestións de comprensión e expresión escrita.
    - Cuestións de gramática e léxico contidas na programación do nivel pendente.
    - Cuestións de literatura contidas na programación do nivel pendente.
  - **Exame final (100%)**
    - Se non aproban por estes procedementos citados, terán que presentarse á proba final de maio (ou abril) establecida pola lei, na que entrará toda a materia. Este exame é común e igual para todos. Levará indicada a puntuación de cada pregunta.
    - A cualificación final será consensuada por todos os membros do Departamento.

Para alumnado de BACHARELATO:

**1)** O alumnado de 2º Bacharelato coa materia pendente de 1º realizará dúas **probas escritas** ao longo do curso para superar toda a materia; previsiblemente serán en xaneiro e en marzo. **100 %** da nota.

A xefa de Departamento encargárase de informalos e da entrega de actividades ao longo do curso, que poden axudar a superar a materia para redondear a nota; tamén se terá en conta se o alumno traballa ao longo do curso na materia de 2º de Bacharelato.

Se non aproban estes exames nos que entra todo o temario, terán que presentarse con toda a materia ao exame final de maio (ou abril) establecido por lei. A nota final será revisada polo Departamento.

## **10.2. OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E CORRECCIÓN DA MATERIA PENDENTE. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

**1)** Os obxectivos e contidos mínimos de ESO e Bacharelato de alumnos pendentes son os que constan na Programación Didáctica. Este documento está dispoñible na páxina web do centro e un extracto en tódolos cursos nos que haxa alumnado pendente na aula virtual. As obras de lectura obrigatoria non entran nas probas extraordinarias.

**2)** O material de recuperación proporcionaráselle ó alumnado coa materia pendente nunha sección especial do curso da aula virtual no que estea matriculado para reforzo e recuperación.

**3)** Os criterios de avaliación son os indicados para cada nivel no apartado correspondente.

**4)** Os alumnos pendentes serán informados persoalmente de todo o procedemento polos seus profesores. No caso de alumnos menores de idade, se informará do procedemento ós pais e /ou titores legais.

## **11. ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO**

Dado que non está prevista pola Dirección do centro a realización de avaliación inicial no Bacharelato, cada profesor realizará actividades nos seus grupos para detectar os coñecementos destes alumnos e as súas necesidades específicas. No caso de alumnos coa materia pendente, se lles ofrecerán exercicios de reforzo e un seguimento específico.

Co fin de comprobar os coñecementos previos do alumnado tanto de ESO coma de Bacharelato, no Departamento de Lingua castelá e literatura optamos por facerlles una avaliación inicial a principio de curso na que se lles pregunten cuestións básicas relativas ós contidos mínimos do curso anterior tanto de lingua como de literatura. Isto proporciona unha visión xeral do grupo de alumnos /-as e permite detectar posibles casos nos que haxa que incidir desde o principio en algún aspecto concreto.

Por outra parte, antes de comezar un novo tema faremos una breve avaliación oral co fin de axustar o nivel das explicacións ás competencias reais do alumnado.

## **12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.**

Procederá a realizarse nos cursos da ESO unha avaliación inicial durante as primeiras semanas que reunirá ao equipo docente. A finalidade é detectar os problemas que teñen os alumnos co fin de poder abordalos a través de clases de reforzo, axuda, elaboración de ACIS. Neste proceso xa está implicado o Departamento de Orientación e de Pedagogía Terapéutica, que estarán coordinados co profesorado que imparte as diferentes materias e na sesión de avaliación informará, sobre todo, acerca do alumnado recién incorporado ao centro. En caso necesario, se procederá a realizar actividades de reforzo dentro e fóra da propia aula. Haberá unha sección en cada curso da aula virtual para reforzo e recuperación de contidos.

Os criterios para a avaliación inicial do alumnado tomarán como referencia os obxectivos marcados para a mesma materia no final do curso anterior, salvo no caso de alumnado con necesidades educativas especiais que xa fose diagnosticado polo Departamento de Orientación. Neste caso, o deseño das probas de avaliación inicial será consensuado con dito departamento.

Como instrumentos de avaliación inicial poderán empregarse algúns dos seguintes:

- Proba escrita que combine exercicios de redacción, lectura comprensiva e interpretación de textos variados, semellantes ás probas de cursos anteriores.
- Dinámicas de clase que impliquen a participación oral do alumnado e a súa interacción co profesor e cos compañeiros.
- Asignación dunha tarefa para casa, consistente, por exemplo, nun breve traballo de investigación ou comentario de texto.
- Actividade práctica na aula de lectura e expresión oral.

Se os resultados desta avaliación inicial o aconsellan, poderán adoptarse algunhas das medidas que se detallan a continuación:

### **A. Medidas colectivas:**

- Programación de varias sesións de clase destinadas a subsanar debilidades detectadas nos alumnos.
- Elaboración de material didáctico para que os alumnos, en casa, poidan superar as carencias detectadas na avaliación inicial.
- Reorganización da temporalización prevista nesta programación, co fin de adecuala ás necesidades máis urxentes do alumnado.

### **B. Medidas individuais:**

- Elaboración de material didáctico para que cada alumno, en casa, poida reforzar as competencias clave nas que ten acadado un nivel inferior ao dos compañeiros.
- Programar, a través de plataformas educativas ou aulas virtuais, sesións de reforzo, con actividades e outro material didáctico, aproveitando as posibilidades do tele-ensino para a realización de titorías a distancia.

### **13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ADAPTACIÓNS CURRICULARES**

Terase en conta a diversidade do alumnado. O tratamento á heteroxeneidade é un dos puntos máis importantes na ESO. Cada profesor aportará o material necesario para reforzar na aula todos aqueles contidos nos que o alumnado presente dificultades.

O libro de texto propón un gran número de actividades para a adquisición das catro habilidades básicas (ler, escribir, falar e escoitar). Estas actividades permiten establecer plans de traballo individual ou colectivo sobre contidos e problemas diversos (de ortografía, gramática, redacción ...).

Antes de nada, é necesario distinguir claramente os contidos que sexan básicos dos que se consideren complementarios, entendendo por básico un contido que resulte imprescindible para aprendizaxes posteriores e/ou que contribúa ao desenvolvemento das capacidades básicas: comprensión verbal, razoamento lóxico, procura e selección de información e avaliación crítica da mesma. Estes contidos mínimos deberán ser postos en común co profesorado de apoio naqueles casos nos que participen no proceso de aprendizaxe.

Favorecer o tratamento da diversidade supón posibilitar múltiples estratexias, ligadas tanto ao método de ensino coma á organización interna do grupo-aula:

- Actividades de aprendizaxe que presenten distintos grados de dificultade.
- Materiais didácticos diversos.
- Distintas formas de agrupamento de alumnos/as combinando o traballo individual co traballo en pequenos grupos co traballo en gran grupo.

Á hora de avaliar teremos presente que non podemos pretender que todo o alumnado adquira os mesmos niveis de aprendizaxe sobre a totalidade dos contidos traballados.

O desenvolvemento da presente programación terá en conta as necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) para o alumnado que presente algunha destas condicións:

- Necesidades educativas especiais, como as que poden xurdir por un trastorno do desenvolvemento, un problema de saúde ou unha diversidade funcional.
- Dificultades específicas de aprendizaxe, tales como a dislexia.
- Trastorno por déficit de atención e hiperactividade.
- Altas capacidades intelectuais.
- Incorporación tardía ao sistema educativo.
- Calquera condición persoal ou da súa historia escolar que requira un tratamento diferenciado.

A atención a este alumnado guiarase polo disposto nos artigos 7 (Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo) e 17 (Medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade e á organización flexible das ensinanzas) do Decreto 86/2015, que regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia.

## Identificación do alumnado con NEAE

Para a identificación do alumnado con NEAE que curse esta materia disporase dos seguintes instrumentos:

- Probas de avaliación inicial, xa descritas anteriormente.
- Informes do Departamento de Orientación, do titor ou do propio Departamento.
- Reunión de avaliación inicial con todo o profesorado do grupo de alumnos.

## PRINCIPIO REITOR

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo guiarase polos principios de normalización e inclusión efectiva. Isto significa que, na medida do posible, a atención a este alumnado realizarase dentro do grupo e no horario habitual de clase. Por inclusión efectiva enténdese aquela que vai máis aló da mera presenza física do alumno cos seus compañeiros, poñendo á súa disposición os recursos necesarios para que poida sacar o maior proveito posible das clases e acceder ao desenvolvemento das súas competencias en condicións de igualdade co resto dos compañeiros.

Cando esta inclusión efectiva non sexa posible, polas circunstancias concretas de cada caso, as características do grupo de alumnos ou a falta de recursos, solicitarase o apoio do Departamento de Orientación. Este apoio poderá concretarse na atención individualizada do alumno con NEAE fóra da aula, seguindo pautas consensuadas co Departamento de Lingua Castelá e Literatura, ou ben na presenza dun profesor de apoio na aula.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE.

Como medidas de atención ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo poderanse aplicar algunhas das seguintes:

· Realizacións de *adaptacións non significativas* do currículo, ou adaptacións de acceso ao currículo, para o alumnado que presente algún tipo de discapacidade física ou sensorial, cando esta circunstancia dificulte o acceso aos recursos didácticos ou a realización de tarefas. Estas adaptacións poderán consistir en cambios no seu posto de estudo, reorganización de espazos, cambios no formato dos recursos didácticos (apuntes, boletíns de exercicios...), ou cambios nos prazos de entrega das tarefas ou dos tempos para a realización das mesmas. Neste sentido, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as TIC.

· Realizacións de *adaptacións significativas* do currículo, cando as NEAE imposibiliten a consecución dos obxectivos marcados con carácter xeral para a etapa. Estas adaptacións levaranse a cabo seguindo o procedemento que estableza a Consellería de Educación no seu momento. Realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. Estas adaptacións significativas suporán unha redefinición dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación previstos para esta materia, así como a utilización de material de traballo adaptado.

· Medidas de *apoio educativo* fóra da aula (PROA, RecuperaTE, exención de francés). Consistirán na utilización de ferramentas para prestar o apoio educativo que poida precisar un alumno, fóra da aula e do horario de clase, cando as súas necesidades educativas poidan ser atendidas por esta vía.



## **14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO**

- 1) Segundo os requisitos da LOMCE, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o espírito emprendedor, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.
- 2) Fomentárase a igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e a igualdade de trato e non discriminación.
- 3) Promoverase a resolución pacífica de conflitos, os valores da liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, os dereitos humanos, a pluralidade, o respecto ao estado de dereito, o respecto a homes e mulleres por igual, e ás persoas con discapacidade, ás vítimas do terrorismo, rexeitamento da violencia terrorista ou de calquera tipo de violencia, e do racismo ou da xenofobia.
- 4) Evitaranse comportamentos e contidos sexistas, a discriminación por razón de sexo e se favorecerá a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- 5) Fomentárase as actividades relacionadas co emprendemento, a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo e o sentido crítico.
- 6) Tamén se traballará a seguridade viaria para promover accións que eviten os accidentes de tráfico e as súas consecuencias.
- 7) Coidado do Medio Ambiente e loita contra a contaminación (ruídos, luces, gases tóxicos...)
- 8) Hábito de comida san e actividades saudables.

Pártese do feito de que son temas que deben percorrer toda a actividade docente e estar na aula de forma permanente e abordárase de forma equilibrada, en tanto que se refiren a problemas fundamentais da sociedade. As características da área permiten tratar algúns dunha forma máis evidente. O seu tratamento maniféstase de diversos modos, por exemplo:

- a) A través da selección de textos e traballo con eles, en tanto que eses textos traten valores.
- b) Comprensión de textos relacionados con eses temas e comentarios críticos (isto último especialmente nos últimos cursos de ESO e en bacharelato).
- c) A través de exposicións e debates orais guiados polo profesor.
- d) A partir das obras de lectura obrigatoria seleccionadas.
- e) A través da celebración de datas seguindo o calendario:
  - Día contra a violencia de xénero (25 de novembro),
  - Día dos dereitos humanos ( 10 de decembro),
  - Día internacional da muller (8 de marzo), etc.

A continuación, cítanse algúns temas e os obxectivos para ESO e Bacharelato:

**Educación non sexista e contra a violencia de xénero:** educarase para a igualdade entre os sexos e corrir discriminacións. Entre outras cousas, evítanse os usos sexistas da linguaxe.

**Educación para o respecto aos inmigrantes e refuxiados, e fomento da solidariedade:** nestes momentos vivimos nun mundo cheo de guerras, persecucións, torturas, por iso este tema é de tratamento importante por parte da sociedade e a escola. Trátase a través dos libros de lectura nalgún curso.

**Educación para o respecto aos dereitos humanos:** celebración deste día.

**Educación contra o maltrato animal:** procura de textos sobre o tema e debates.

**Educación para o consumidor:**

- Recoñecerán e analizarán os trazos básicos da publicidade.
- Actitude crítica cara a todos os medios de comunicación de masas.
- Tomarase conciencia de cales son as necesidades básicas e de consumo.

**Educación para a igualdade de oportunidades e o espírito crítico:**

- Identificaranse e analizarán criticamente as manifestacións sexistas ou racistas. Se fomentarán os valores de respecto ante a diversidade dos sexos, razas, culturas, etc.
- Recoñeceranse e evitarán os usos da lingua que supoñan calquera discriminación.

**Educación ambiental:**

- Recoñecer e analizar criticamente as mensaxes que dan os medios de comunicación sobre a natureza, o medio ambiente e a acción humana sobre o mesmo.
- Comprender conceptos básicos sobre o medio ambiente.
- Analizar e facer comentarios críticos sobre textos argumentativos que falen da contaminación ambiental e a alternativa de novas enerxías.

**Educación para a paz e a liberdade e o respecto á diversidade:**

- Coñecer e respectar a variedade lingüística de España.
- Analizar criticamente mensaxes discriminatorias de tipo lingüístico e cultural dos medios de comunicación, e valorar o papel dos medios no desenvolvemento da convivencia pacífica.
- Rexeitar os usos da lingua cun fin discriminatorio ou como fonte de conflitos, e fomentar o uso da lingua como vehículo de convivencia e tolerancia.
- Facer comentarios críticos ou traballos sobre textos que rexeiten as guerras.

**Educación para a saúde:**

- Interpretar a lectura e a expresión escrita e oral como unha fonte para mellorar a calidade de vida, coñecer a realidade e configurar o propio pensamento.
- Valorar criticamente os efectos que poden ter para a saúde os usos indiscriminados dos medios de comunicación ou un seguimento non crítico deles. Usalos como fonte de benestar.

**Educación viaria:**

- Analizar criticamente as mensaxes dos medios sobre o consumo de vehículos.
- Identificar, ler e interpretar correctamente os signos e sinais de tráfico.
- Facer comentarios críticos sobre textos periodísticos que falen dos accidentes de tráfico en relación ca velocidade, o consumo de alcohol e drogas para evitalos.

**Educación para o respecto a todas as linguas:** favorecer o bilingüismo castelán-galego, e plurilingüismo.

**Educación para o respecto aos inmigrantes e refuxiados, e fomento da solidariedade:** nestes momentos vivimos nun mundo cheo de guerras, persecucións, torturas, por iso este tema é de tratamento importante por parte da sociedade e a escola.

**1º de ESO**, (libro da ed. SM)

- 1) Respecto a outras linguas (px. 22-23)
- 2) Dereito ao estudo e alfabetización de nenos e nenas por igual (px. 55, texto sobre Malala, Premio Nobel da Paz)
- 3) Protección do medio ambiente (px. 77)
- 4) A solidariedade e o coñecemento das ONGS (p. 51)
- 5) O consumo saudable (p. 247)
- 6) Reflexión sobre os medios de comunicación de masas (px. 73)
- 7) Procura da saúde de corpo e mente (p. 268)
- 8) A amizade (p. 221), o compañeirismo (px. 230), o traballo en común (px. 141)
- 9) O diálogo, a escoita e o debate como vía para resolver conflitos (px. 208)
- 10) Reflexión sobre os medios de comunicación de masas (p. 73)

**2º de ESO** (libro de ed. SM)

- 1) Folletos sobre "O día mundial de..." (o autismo, etc) px.16.
- 2) Creación de textos publicitarios. Reflexión sobre a publicidade, px. 53.
- 3) Os heroes da literatura, o cómic, a realidade (Mandela, Teresa de Calcuta) px. 149.
- 4) Elaboración dunha campaña dunha ONG protectora de animais. px. 160.
- 5) Análise de noticias e anuncios sobre os refuxiados sirios. pxs.251, 253, 255, 271... O libro de lectura *El pan de la guerra* incide na situación da muller en Afganistan.

En calquera taller de expresión se pode tratar un tema transversal: descrición, narración, diálogo, medios de comunicación....

### **3º de ESO:**

- 1) Loita contra a violencia de xénero (*Poema de Mío Cid: a afrenta de Corpes*)
- 2) Respecto á diversidade lingüística (tema correspondente)
- 3) Solución pacífica de conflitos, a partir de textos sobre desastres das guerras.
- 4) Crítica á corrupción, avaricia, crueldade, ao traballo na infancia (*Lazarillo de Tormes*)
- 5) Loita pola xustiza, axuda aos necesitados, coñecemento dun mesmo, diálogo (*El Quijote*)
- 6) Contra o machismo, o maltrato de xénero e pola igualdade de homes e mulleres canto aos dereitos (teatro Barroco)
- 7) Loita polo Medio Ambiente e Educación para a saúde: (textos periodísticos e publicitarios). Tarefa de elaboración dun texto expositivo a partir de textos publicitarios.
- 8) Educación non sexista e o respecto pola diferenza. Tarefa dun relato a partir dunha curta de animación. Lectura da obra teatral: *Inventando a Lope*.
- 9) Respecto aos discapacitados (textos varios).
- 10) Contra o racismo, a xenofobia e o holocausto (textos)
- 11) A Solidariedade e a cidadanía (textos).

### **4º de ESO:** nos textos do libro de texto e nos contidos dos temas (edit. Tabarca).

- 1) Respecto pola diversidade lingüística (tema).
- 2) Respecto ao Medio Ambiente (pxs. 26, 65)
- 3) Reflexión sobre os medios de comunicación de masas e a publicidade (tema).
- 4) Reflexión sobre a inmigración e a tolerancia (pxs. 29, 44)
- 5) Debate sobre escravitude, xenofobia, homofobia (pxs. 60-61)
- 6) Debate sobre actitudes sexistas (pxs. 47, 62)
- 7) A liberdade e a responsabilidade (p. 85)
- 8) Reflexión sobre as redes sociais e as novas tecnoloxías (pxs. 95 e 133)
- 9) O consumismo (p. 103)
- 10) O trato aos animais (p. 121)
- 11) Crítica dos defectos da sociedade española (Cadalso)
- 12) Liberdade das mulleres para decidir (*El sí de las niñas*)
- 13) Educación cívica (texto de Larra)
- 14) A defensa da liberdade (O Romanticismo)
- 15) Loita contra as inxustizas e desigualdades (O Naturalismo)
- 16) Contra o despotismo e loita pola liberdade das mulleres (*La casa de Bernarda Alba*, de García Lorca)
- 17) Democracia e solución pacífica de conflitos (Literatura de posguerra)

### **1º de Bacharelato:** libro ed. Teide

Cando se traten os movementos da literatura citados para 3º e 4º de ESO , tamén se tratarán os mesmos temas transversais (da Idade Media ao s. XIX):

O rexeitamento das guerras, a convivencia de culturas e relixións (Idade Media, Renacemento...), a pobreza, a mendicidade (*Lazarillo*), a xustiza, a complexidade do ser humano (*El Quijote*), a situación da muller (teatro barroco), crítica dos defectos de España (ensaio do s. XVIII), liberdade e rebeldía (Espronceda), rexeitamento da pena de morte (Larra), condena da impostura da vida provinciana do século XIX (novela realista-naturalista).

Case todos os textos que encabezan as leccións para a súa lectura e comentario tratan temas transversais: o dereito ao uso da lingua (p. 10-12), a globalización e a necesidade dunha economía humana e solidaria (p. 30-32), o maltrato aos consumidores (p. 68-70), a visión doutras culturas e costumes (p. 116-118), o positivo o negativo de internet (p. 134-136), o exterminio de animais, selvas, o medio ambiente (p.172-174), a publicidade (p. 196-198)...

Temas como: a pluralidade lingüística, os textos dos medios de comunicación.

Os textos para facer comentarios críticos tratarán temas que teñan que ver cos valores citados.

## **2º de Bacharelato:**

Cando se traten os movementos da literatura do século XX citados para 4º de ESO, tamén se tratarán os temas transversais.

Procurarase que os textos para facer comentarios críticos traten temas que teñan que ver cos valores citados. Moitos deles son textos das probas de ABAU.. Algúns dos temas máis frecuentes destes textos son: a reflexión sobre os novos medios de comunicación de masas, a violencia de xénero, o machismo xuvenil a través dos medios, a inmigración, o labor das ONGS, o maltrato animal, a condución temeraria ou a contaminación ambiental, o acoso escolar. A reflexión e a análise dos textos argumentativos son unha ferramenta moi útil para que o alumnado aprenda a ser responsable co mundo no que vive e empático cos demais.

## **15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO**

Durante este curso académico 2021-22 se retomarán progresivamente e en función da evolución da pandemia as actividades que se realizan habitualmente co alumnado limitadas polas circunstancias sanitarias. Con todo, os membros do Departamento acordaron deixar aberta a posibilidade de realizar diversas actividades complementarias e/ou extraescolares, sen concretalas en absoluto nin precisar tampouco as datas. A súa realización dependería sempre da mellora de ditas circunstancias sanitarias e sempre que se poidan asegurar as condicións de seguridade.

Podería ser un encontro *online* con algún dos autores das obras de lectura. ou unha saída ao teatro en primavera.

## **16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

A programación e o seu desenvolvemento serán obxecto de seguimento e avaliación específicos segundo o acordo dos membros do Departamento. Este aspecto será tratado, analizado e recollido nas actas en cada unha das reunións mensuais do Departamento.

As posibles modificacións da programación que se propoñan ao longo do curso, xunto coa súa xustificación, quedarán recollidas nas actas e tamén na memoria final.

Ademáis dos resultados que se desprendan das avaliacións trimestrais do alumnado que provoquen a introdución de modificacións, contéplase un proceso de revisión. **Procedementos para avaliar a propia programación:**

**Primeiro identificarase que cuestións** medir para mellorar a **práctica docente e logo** fixaranse uns **instrumentos de valoración obxectiva** que nos permitan medir eses aspectos.

Cuestións a avaliar da programación: a distribución temporal, o desenvolvemento das actividades no día a día, a validez e adecuación do libro de texto, o consenso entre os membros do Departamento, etc.

Para levar a cabo esta tarefa, é necesario realizar unhas **fichas de seguimento** das cuestións que se desexa avaliar da programación, cuns **obxectivos a acadar** en diferentes momentos ao longo do curso, e o obxectivo final desexado, reflectindo os **motivos** que nos levaron a **non poder cumprir cada obxectivo** e que **medidas** imos introducir para chegar a tempo de acadar o seguinte obxectivo parcial.

Presentamos unha táboa que recolle algúns dos aspectos sobre os que hai que reflexionar nas reunións periódicas do Departamento ao longo do curso:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>Preparación da clase e os materiais didácticos.</b>	Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	Adecúase o desenvolvemento da clase cas características do grupo.		
<b>Utilización dunha metodoloxía axeitada.</b>	A metodoloxía traballa as competencias.		
	Considérase a interdisciplinidade (actividades, tratamento dos contidos, etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e as capacidades do alumno/a.		
<b>Regularización da práctica docente.</b>	A metodoloxía inclúe temas transversais.		
	Grado de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos empregados en clase para as aprendizaxes.		
<b>Avaliación das aprendizaxes e información que se da a alumnado e familias.</b>	Os criterios de promoción están consensuados entre os profesores.		
	Os estándares de aprendizaxe avaliados están vinculados ás competencias, contidos e criterios de avaliación.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
<b>Utilización de medidas para a atención á diversidade.</b>	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e ás familias.		
	Prevense medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta a diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplícanse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo informes psicopedagóxicos.		

## **ANEXOS**

### **1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO**

O primeiro día do curso, no acto da presentación, ou nos primeiros días, cada profesor do Departamento informará detalladamente aos alumnos e alumnas de tódolos aspectos da programación da materia. Adicarase, xa que logo, unha parte importante da primeira sesión a mostrarlles basicamente os contidos obxecto de estudo incidindo sobre todo nos mínimos, a súa temporalización, a metodoloxía didáctica, os procedementos e os instrumentos de avaliación (tipos de probas), os criterios ou sistema de cualificación e o programa e/ou actividades de reforzo e recuperación de pendentes. Haberá unha información nas aulas, na AV ou se lles darán fotocopias aos alumnos desta información.

Así mesmo, para completar este apartado, cada membro do departamento, entre outras indicacións que considere pertinentes (incluídas respostas ás posibles preguntas ou dúbidas do alumnado sobre o desenvolvemento xeral da materia nas clases), aproveitará ese primeiro día para avanzarlles aos alumnos e alumnas a información sobre posibles actividades complementarias e extraescolares. Cada profesor indicará ao alumnado o material necesario para as clases.

O resumo dos contidos mínimos e criterios de avaliación e cualificación, que está a disposición dos alumnos no Departamento, tamén se lles comunicará tanto por medio da aula virtual como pola páxina web do centro. Asimesmo estará tamén en Dirección para a súa consulta. Por suposto, se poderá consultar toda a programación no Departamento.

### **2. APORTACIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Este Departamento, como parte da comunidade educativa, apoiará as medidas para a mellora da convivencia no centro facendo aportacións por medio dos contidos transversais que aborden temas adecuados para isto.

### **3. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR**

Dende un primeiro momento, terase en conta o número de alumnos repetidores por aula e verase cal é o seu nivel despois da proba de avaliación inicial. Farase un seguimento específico destes alumnos para comprobar que realizan as actividades da aula, len os libros e asisten a clase con normalidade. En caso necesario, realizaranse actividades de reforzo por medio da aula virtual, especificadas arriba cando se tratan as medidas de atención á diversidade.

### **4. PROCEDIMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA.**

En xeral, estes alumnos teñen previamente reforzo ou unha ACI (Adaptación curricular) ou se lles realiza ao principio de curso en colaboración coa orientadora do centro, así que se detecta a necesidade dun reforzo ou ACI despois da avaliación inicial. Se é o caso, terán que facer unha proba específica de acordo a esta adaptación e se a superan e traballan ao longo do curso, terán aprobada a materia. Terase en conta a opinión do profesorado de apoio ou reforzo ou establecerase un instrumento de avaliación conxuntamente. Se non asisten en ningunha das horas á clase da aula de referencia ou só asisten algún día, será tamén o profesor de reforzo o que valorará a aptitude do alumno nas súas clases, o que non exclúe que o profesor do grupo realice probas e requira traballo habitual ao alumno. Espérase que alumnos de 1º e 2º de ESO acudan a estas clases de reforzo.

## **5. PROXECTO LECTOR DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DO IES DE AMES. CURSO 2021-2022**

### **A) LIBROS:**

O habitual é ler tres obras obrigatorias ao longo do curso (unha por trimestre).

O Departamento dedica diariamente nas súas clases un tempo á lectura (máis ou menos longo dependendo dos días e da materia a impartir; con frecuencia trátase dos textos literarios a comentar ou as obras de lectura); incluso en 1º de ESO e 2º de PMAR e en FP Básica dedícase todas as semanas unha hora á lectura.

Este curso, con motivo da conmemoración do centenario da morte da insigne escritora galega Emilia Pardo Bazán, decidimos incluír algunha das súas obras nos cursos en que se estudia a súa figura, concretamente en 4º de ESO e 1º de Bacharelato.

#### **PRIMEIRO DE ESO**

**1ª EVALUACIÓN:** *Quando Hitler robó el conejo rosa* (Judith Kerr) ou *¿Quién cuenta las estrellas?* (Lois Lowry)

**2ª EVALUACIÓN:** *Caperucita en Manhattan* (Carmen Martín Gaité) ou *El reino de las tres lunas* (Nando López)

**3ª EVALUACIÓN:** *La ratonera* (Agatha Christie)

#### **SEGUNDO DE ESO**

**1ª EVALUACIÓN:** *El pan de la guerra* (Deborah Ellis) o

**2ª EVALUACIÓN:** *Relatos escalofriantes* de Roald Dahl.

**3ª EVALUACIÓN:** *¿Por qué tiene que ser todo tan difícil?* (Nando López)

#### **TERCEIRO DE ESO**

**1ª EVALUACIÓN:** *Herejía* (David Lozano) / *Finis mundi* (Laura Gallego)

**2ª EVALUACIÓN:** *Tuerto maldito y enamorado* (Rosa Huertas)

**3ª EVALUACIÓN:** *El caballero de Olmedo* (Lope de Vega)

Ó longo de todo o curso empregaremos a *Antología de la lírica amorosa* (ed. Vicens Vives).

#### **CUARTO DE ESO**

**1ª EVALUACIÓN:** *Insolación*, (Emilia Pardo Bazán)

**2ª EVALUACIÓN:** *Mala Luna* (Rosa Huertas).

**3ª EVALUACIÓN:** *Historia de una escalera* (Buero Vallejo)/ *La casa de Bernarda Alba* (Federico García Lorca)

Ó longo de todo o curso empregaremos a *Antología de la lírica amorosa* (ed. Vicens Vives).

### **PRIMEIRO DE BACHARELATO**

**1ª EVALUACIÓN:** *Lazarillo de Tormes* (Anónimo)

**2ª EVALUACIÓN:** *El sí de las niñas* (Fernández de Moratín)

**3ª EVALUACIÓN:** *Los pazos de Ulloa* (Emilia Pardo Bazán)

### **SEGUNDO DE BACHARELATO**

**1ª EVALUACIÓN:** *Crónica de una muerte anunciada* (Gabriel García Márquez) e *Romancero Gitano* (Federico García Lorca)

**2ª EVALUACIÓN:** *El lector de Julio Verne* (Almudena Grandes)

**3ª EVALUACIÓN:** *La Fundación* (Antonio Buero Vallejo)

### **ACTIVIDADES A REALIZAR:**

- Exposicións orais sobre os contidos do libro e a biografía do autor.
- Creación de antoloxías poéticas.
- Contestación de fichas de lectura e xuízo persoal.
- Exames, resumos.
- Debuxos sobre os textos.
- Lectura en voz alta diariamente e creación literaria (unha hora á semana).
- Comentarios de películas relacionadas coas obras.

Este curso, como o anterior, dadas as especiais circunstancias que afectan á nosa actividade docente, non poderemos realizar todas aquelas actividades que requiran de contacto interpersoal, manipulación grupal de materiais, ou calquera que poida servir de vía de contaxio do virus.

### **B) XORNAIS, REVISTAS, DICIONARIOS:**

- Análise de distintos xornais nacionais e autonómicos. En 1º e 2º de Bacharelato, traballaranse os textos periodísticos expositivos e argumentativos.
- Consulta de diferentes dicionarios: da Academia, de dúbidas, etimolóxico, de sinónimos e antónimos, de frases feitas (todos os cursos). Algúns grupos irán á biblioteca e outros levarán dicionarios á clase ou utilizarán os das aulas ou de internet.

### **ACTIVIDADES A REALIZAR:**

- Coñecemento dos distintos tipos de xornais e realización de actividades sobre os mesmos: comparación de diferentes portadas (tendencias ideolóxicas, nacionais e autonómicos), resumo de noticias, exposición das noticias da portada, análise da estrutura e partes dun xornal, coñecemento dos distintos xéneros periodísticos, resumen e esquema estrutural, e comentarios críticos de artigos de opinión de carácter expositivo-argumentativo (isto último en 1º e 2º de Bacharelato e 4º de ESO).
- Exposición oral de noticias.
- Elaboración de un xornal.
- Elaboración dun telexornal e gravación do mesmo.
- Busca de sinónimos, antónimos, campos semánticos, definicións, homonimia e polisemia.



### **C) RECURSOS ELECTRÓNICOS E AUDIOVISUAIS:**

- Usaranse tanto os ordenadores das aulas Abalar como as aulas de informática.
- Uso do ordenador de aula e canón para proxectar prezis, power point, libro dixital, páxinas de internet, fragmentos de películas...
- Uso da Aula virtual.
- Utilizarase a informática para a realización de diversas actividades e traballos.
- Direccións dixitais de xornais.
- A través de Google accédese a diferentes escritores para copiar poemas ou biografías ou calquera outro tipo de información.
- Intención de proxectar fragmentos dalgunha película ou reportaxe relacionada ca Literatura como por exemplo películas sobre as obras lidas na ESO e Bacharelato. Moitas delas están nos fondos da Biblioteca.
- Audición de cancións relacionadas con aspectos da programación: cancións de Joan Manuel Serrat sobre a obra de Antonio Machado, Miguel Hernández, e outros cantautores.
- Audición de textos orais para traballar con eles.

### **ACTIVIDADES A REALIZAR:**

- Busca de información para explicar algunhas obras ou autores (día do libro, gañador do premio Cervantes, Nobel e outros premios literarios importantes, etc), temas de Literatura e Lingua, celebración do día de (da muller traballadora, da paz...). Lectura de textos literarios.
- Uso do canón (presentacións en Power Point ou Prezzis de diferentes temas literarios ou de temas variados, obras, etc.), da pizarra dixital e da aula virtual.
- Relación das películas e cancións ca época ou autores estudados.

### **D) ACTIVIDADES DE CREACIÓN LITERARIA:**

- Creación de Antoloxías poéticas (con resumo ou interpretación do poema e breve biografía do autor) na ESO.
- Creación de poemas, contos, prospectos médicos humorísticos, diarios, microrrelatos de humor, imitación de textos literarios (especialmente na ESO).

### **E) ACTIVIDADES A REALIZAR NA BIBLIOTECA:**

Este ano a biblioteca ten un funcionamento practicamente normal, polo que o seu uso como espazo de relación interpersoal e de contacto cos libros, xornais, revistas, películas... será viable. Dadas as especiais circunstancias en que se desenvolve este curso académico, o acceso á mesma como espazo para o préstamo de libros estará condicionado polas circunstancias Covid, que afectan ós horarios de acceso, ós aforos.... Cada curso terá asignado un día da semana durante os recreos. Calquera outra actividade que requira a presenza nese recinto dun gran grupo de persoas está absolutamente desaconsellada.

## **6. RELACIÓN ENTRE O PROXECTO LECTOR, A MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E O PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TICS)**

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura colaborará cas actividades propostas pola Biblioteca do IES de Ames, o Proxecto Lector do Centro e as TICS.

- 1) En cada curso hai varias obras de lectura obrigatoria coas que se farán diversas actividades.
- 2) En 1º ESO, dado que dispoñemos de catro horas semanais, adicarase unha hora semanal á lectura: da obra proposta, de textos do libro ou fotocopiados, de libros da Biblioteca do Centro Escolar. En todo caso, en todos

os cursos, empregarase diariamente un tempo mínimo para a lectura de textos diversos (libros de lectura, libro de texto, xornais, internet, etc).

3) Relacionarase as actividades propostas pola Biblioteca do IES de Ames coa materia de Lingua Castelá e Literatura: creación literaria e encadernación de libros cos textos creados, fichas de lectura dos libros, xogos de vocabulario, clubs de lectura, minixposicións, murais, consultas en Internet, cine, etc

4) Tamén se farán actividades propostas polos libros da editorial SM e Tabarca e o proxecto dixital Marea Verde en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, e ed. Teide en Bacharelato, que poñen en práctica o plan lector e as TICS. Se levarán a cabo nas aulas, dado que este ano non se pode facer uso da biblioteca nin da aula de informática.

A) **1º e 2º ESO** (pódense aplicar en toda a ESO, aumentando o grado de dificultade):

#### 1.1. AS BIBLIOTECAS

O uso da biblioteca do centro este ano está marcado polas especiais circunstancias sanitarias. Non se poden facer as actividades que se viñan realizando con anterioridade ( visitas para aprender a usala, para localizar os libros, para interpretar as distintas partes deses, etc.)

#### 4.2. A PETICIÓN DE LIBROS

Durante este curso académico, o acceso á biblioteca estará moi restrinxido ó ser utilizado como aula. Cada grupo pode acceder só nos días que teña asignado.

#### 4.3. OS DICIONARIOS

Buscarán palabras nos dicionarios ou de Internet, definiranas e farán outros exercicios e xogos de léxico.

#### 4.4. ENCICLOPEDIAS, ATLAS

Os utilizarán como instrumento para coñecer nomes, conceptos, lugares...

#### 4.5. BUCAS EN INTERNET

4.5.1. Contestarán distintas preguntas, investigando en Internet, nas enciclopedias, revistas e xornais dixitais.

4.5.2. Buscarán na rede textos, obras, noticias, e copiarán datos tanto académicos como máis prácticos (o tempo atmosférico, concertos...).

#### 4.6. PRESENTACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

En internet ou en libros, revistas, xornais, analizarán a presentación de textos (marxes, espazos en branco, parágrafos, tipos de letra).

#### 4.7. USO DO CD ROM, O CANÓN e A GRABADORA

Para ver textos, imaxes, fragmentos de películas ou para gravar diálogos, entrevistas, exposicións, lecturas en voz alta. No libro dixital da editorial SM de 1º e 2º de ESO ou Oxford de 3º de ESO hai CD audicións (que tamén ten o alumno).

B) **3º e 4º ESO** (tamén se poden aplicar en Bacharelato, engadindo dificultade)

#### 4.1. AS FONTES DE INFORMACIÓN ESCRITAS: DICIONARIOS, ENCICLOPEDIAS.

4.1.1. Coñecemento de tipos de dicionarios (de uso, de dúbidas, ideolóxico, etimolóxico, de dúbidas, de sinónimos e antónimos, de locucións feitas...) e realización de actividades de léxico. Análise da información que hai en cada entrada.

4.1. 2. Busca de información en enciclopedias e xornais dixitais.

#### **4.2. AS PÁXINAS WEB**

4.2.1. Busca de informacións diversas: meteoroloxía, traxectos de viaxe, horarios...

4.2.2. Entrada en diversas *webs* ou *blogs* educativos e localización de información sobre temas relacionados ca materia ou aspectos interdisciplinares.

Por exemplo, na ESO, os alumnos poderían elaborar unha antoloxía de poesía e poden extraer material de Internet. Incluso poden ilustrar con imaxes sacadas de Internet (paisaxes, cadros, esculturas...), orientados polo profesor. Tamén poden buscar información sobre temas literarios (traballos sobre os distintos movementos literarios...).

#### **4.3. AS BIBLIOTECAS**

Accederase a diferentes Bibliotecas virtuais para coñecer os seus fondos (Biblioteca Virtual Cervantes, Biblioteca Virtual Universal...) a través de páxinas *webs*.

#### **4.4. TRATAMENTO INFORMÁTICO DE TEXTOS**

Normas sobre o uso da cursiva, negriña, subliñado, tipos de letra, esquemas, táboas... nun procesador de textos para mellorar a presentación de traballos.

#### **4.5. BLOGS**

Creación de *blogs* con comentarios e diálogos con autores ou alumnos de outros centros para comentar diferentes aspectos académicos ou obras literarias.

#### **4.6. AULA DIXITAL**

Durante este curso 2020-21 é obrigatorio para todos os alumnos-as do centro ter acceso á aula virtual por medio da cal faránselles chegar arquivos con información teórica e exercicios relativos á materia do curso. Os profesores insistirán para que o alumnado estea ó día no uso da aula virtual.

### **7.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA**

#### **Comunicación e sociedade I e II**

##### **ÍNDICE**

**1- Obxectivos xerais**

**2- Comunicación e sociedade I: resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos básicos.**

**3- Comunicación e sociedade II: resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos básicos.**

**4- Secuenciación e temporalización.**

**5- Criterios de cualificación.**

**6- Metodoloxía.**

**7- Contidos mínimos da etapa.**

## 1.- OBXECTIVOS XERAIS

- Obter e comunicar información destinada á autoaprendizaxe e ao seu uso en distintos contextos do seu ambiente persoal, social ou profesional mediante recursos ao seu alcance e os propios das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas, apreciando o seu uso como fonte de enriquecemento persoal e social.
- Comunicarse con claridade, precisión e fluidez en contextos sociais ou profesionais e por diferentes medios, canles e soportes ao seu alcance, utilizando e adecuando recursos lingüísticos orais e escritos propios das linguas galega e castelá.
- Comunicarse en situacións habituais de carácter laboral, persoal e social, utilizando recursos lingüísticos básicos en lingua estranxeira.
- Realizar explicacións sinxelas sobre acontecementos e fenómenos característicos das sociedades contemporáneas a partir de información histórica e xeográfica ao seu dispor.
- Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando con sentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter e comunicar información nos contornos persoal, social ou profesional.
- Recoñecer características básicas de producións culturais e artísticas, aplicando técnicas de análise básica dos seus elementos, para actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas.
- Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas, e alcanzar o nivel requirido de precisión, claridade e fluidez, utilizando os coñecementos sobre as linguas galega e castelá, para se comunicar no seu contexto social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.
- Desenvolver habilidades lingüísticas básicas en lingua estranxeira para se comunicar de xeito oral e escrito en situacións habituais e predicibles da vida cotiá e profesional.
- Recoñecer causas e trazos propios de fenómenos e acontecementos contemporáneos, a súa evolución histórica e a súa distribución xeográfica, para explicar as características propias das sociedades contemporáneas.
- Desenvolver valores e hábitos de comportamento baseados en principios democráticos, aplicándoos nas súas relacións sociais habituais e na resolución pacífica dos conflitos.
- Comparar e seleccionar recursos e ofertas formativas existentes para a aprendizaxe ao longo da vida, para se adaptar ás novas situacións laborais e persoais.
- Desenvolver a iniciativa, a creatividade e o espírito emprendedor, así como a confianza en si mesmo, a participación e o espírito crítico, para resolver situacións e incidencias da actividade profesional ou de índole persoal.
- Desenvolver traballos en equipo asumindo os deberes, cooperando coas demais persoas con tolerancia e respecto, para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para se informar, se comunicar, aprender e facilitar as tarefas laborais.
- Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes

- Rexeitar calquera discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero.

## **2.- COMUNICACIÓN E SOCIEDADE I**

### **Comunicación en linguas galega e castelá I**

#### **Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**

- Utilizar estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas.
- Analizar a estrutura de textos orais procedentes dos medios de comunicación de actualidade e identificar as súas características principais.
- Aplicar as habilidades básicas para realizar unha escoita activa, identificando o sentido global e os contidos específicos dunha mensaxe oral.
- Realizar un bo uso dos elementos de comunicación non verbal nas argumentacións e nas exposicións.
- Analizar os usos e os niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicarlos na composición de mensaxes orais, revisando e eliminando os usos discriminatorios, nomeadamente nas relacións de xénero.
- Utilizar a terminoloxía gramatical axeitada na comprensión das actividades gramaticais propostas e na súa resolución.
- Utilizar estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo.
- Valorar e analizar as características principais dos tipos de textos en relación coa súa idoneidade para o traballo que se desexe realizar e en función da súa finalidade.
- Utilizar diversas ferramentas na comprensión dun texto escrito, aplicando estratexias de reinterpretación de contidos.
- Aplicar sistematicamente estratexias de lectura comprensiva na interpretación dos textos, extraendo conclusións para a súa aplicación nas actividades de aprendizaxe e recoñecendo posibles usos discriminatorios desde a perspectiva de xénero.
- Resumir o contido dun texto escrito, extraendo a idea principal, as secundarias e o propósito comunicativo, e revisar e reformular as conclusións obtidas.
- Analizar a estrutura de textos escritos de utilización diaria, recoñecendo usos e niveis da lingua, e pautas de elaboración.
- Aplicar as principais normas gramaticais e ortográficas na redacción de textos, de xeito que o texto final resulte claro e preciso.
- Utilizar o léxico específico da familia profesional do título.
- Desenvolver pautas sistemáticas na elaboración de textos escritos que permitan a valoración das aprendizaxes desenvolvidas e a reformulación das necesidades de aprendizaxe para mellorar a comunicación escrita.
- Seguir pautas de presentación de traballos escritos tendo en conta o contido, o formato e o público destinatario, utilizando un vocabulario adecuado ao contexto.

- Resolver actividades de comprensión e análise das estruturas gramaticais e comprobar a validez das inferencias realizadas.
- Realizar a lectura de textos literarios representativos da literatura castelá anteriores ao século XIX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal.
- Contrastar as etapas de evolución da literatura en lingua castelá no período considerado e recoñecer as obras máis representativas.
- Valorar a estrutura e o uso da linguaxe na lectura persoal dunha obra literaria adecuada ao nivel, situándoa no seu contexto e utilizando instrumentos protocolizados de recollida de información.
- Expresar opinións persoais razoadas sobre os aspectos máis e menos apreciados dunha obra e sobre a implicación entre o seu contido e as propias experiencias vitais.
- Aplicar estratexias para a comprensión de textos literarios, tendo en conta os temas e os motivos básicos.
- Presentar información sobre períodos, autores e obras da literatura en lingua castelá e en lingua galega a partir de textos literarios.
- Realizar a lectura de textos literarios representativos da literatura en lingua galega anteriores ao século XX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal.
- Contrastar as etapas de evolución da literatura en lingua galega no período considerado e recoñecéronse as obras máis representativas.
- Coñecer a formación da lingua galega e da lingua castelá e as distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, así como os fenómenos de contacto de linguas, sendo consciente da necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo.
- Analizar as características de formación da lingua galega e da lingua castelá.
- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega e da lingua castelá anterior ao século XX.
- Analizar os fenómenos de contacto de linguas, atendendo a situacións de bilingüismo, diglosia, interferencias e o conflito lingüístico.
- Valorar a necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo, rexeitando os prexuízos lingüísticos.

### **Contidos básicos**

Utilización de estratexias de comunicación oral en lingua galega e en lingua castelá.

- Textos orais.
- Aplicación de escoita activa na comprensión de textos orais.
- Pautas para evitar a disrupción en situacións de comunicación oral.
- Intercambio comunicativo: elementos extralingüísticos da comunicación oral; usos orais informais e formais da lingua; adecuación ao contexto comunicativo.
- Aplicación das normas lingüísticas na comunicación oral. Organización da frase: estruturas gramaticais básicas en lingua galega e en lingua castelá.
- Composicións orais: exposicións orais sinxelas sobre feitos da actualidade; presentacións orais sinxelas; uso de medios de apoio (medios audiovisuais e TIC).

### **Utilización de estratexias de comunicación escrita en lingua galega e en lingua castelá**

- Tipos de textos. Características de textos de propios da vida cotiá e profesional.
- Estratexias de lectura: elementos textuais.
- Pautas para a utilización de dicionarios diversos.
- Estratexias básicas no proceso de composición escrita. Presentación de textos escritos en distintos soportes. Aplicación das normas gramaticais e ortográficas en lingua castelá e en lingua galega.
- Textos escritos. Principais conectores textuais en lingua castelá e en lingua galega. Aspectos básicos das formas verbais nos textos, con especial atención ás perífrases verbais, á concordancia e a coherencia temporal e modal. Funcións substantiva, adxectiva e adverbial do verbo. Sintaxe (enunciado, frase e oración; suxeito e predicado; complemento directo, indirecto, de réxime, circunstancial, axente e atributo). Estruturas subordinadas (substantivas, adxectivas e adverbiais).
- Léxico específico da familia profesional do título.

### **Lectura de textos literarios en lingua castelá anteriores ao século XIX**

- Pautas para a lectura de fragmentos literarios.
- Instrumentos para a recollida de información da lectura dunha obra literaria.
- Características estilísticas e temáticas da literatura en lingua castelá a partir da Idade Media e ata o século XVIII.
- Narrativa: temas e estilos recorrentes segundo a época literaria.
- Poesía: temas e estilos recorrentes segundo a época literaria. Interpretación.
- Teatro: temas e estilos segundo a época literaria.

### **Lectura de textos literarios en lingua galega anteriores ao século XX.**

- Pautas para a lectura de fragmentos literarios.
- Instrumentos para a recollida de información da lectura dunha obra literaria.
- Características estilísticas e temáticas da literatura en lingua galega desde a Idade Media e ata o século XIX.
- A literatura medieval.
- A literatura dos Séculos Escuros.
- A literatura do século XIX: etapas e obras máis significativas.

### **Coñecemento da formación da lingua galega e da lingua castelá e das distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, así como os fenómenos de contacto de linguas.**

- A formación da lingua galega e da lingua castelá.
- Características das etapas da historia social da lingua galega e da lingua castelá ata o século XIX.
- Análise dos fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico e interferencias).
- Adopción de actitudes positivas cara á normalización da lingua galega e coñecemento do proceso.
- Valoración do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Crítica dos prexuízos lingüísticos.

## **Comunicación en lingua inglesa I**

### **Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**

- Utilizar estratexias para interpretar e comunicar información oral en lingua inglesa, elaborando presentacións orais de pouca extensión, ben estruturadas, relativas a situacións habituais de comunicación cotiá e frecuente de ámbito persoal, público ou profesional.
- Aplicar as estratexias de escoita activa para a comprensión precisa das mensaxes recibidas.
- Identificar a intención comunicativa básica de mensaxes directas ou recibidas mediante formatos electrónicos, valorando as situacións de comunicación e as súas implicacións no uso do vocabulario empregado.
- Identificar o sentido global do texto oral que presenta a información de xeito secuenciado e progresivo en situacións habituais frecuentes e de contido predicible.
- Identificar trazos fonéticos e de entoación común e evidente que axuden a entender o sentido xeral da mensaxe.
- Realizar presentacións orais breves de textos descritivos, narrativos e instrutivos dos ámbitos persoal, público ou profesional, de acordo cun guión sinxelo, aplicando a estrutura de cada tipo de texto e utilizando, de ser o caso, medios informáticos.
- Utilizar estruturas gramaticais básicas adaptadas a contextos diferentes (formal, non formal e situacións profesionais), e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases e palabras de situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible segundo o propósito comunicativo do texto.
- Identificar as normas de relacións sociais básicas e estandarizadas dos países onde se fale a lingua estranxeira.
- Identificar os costumes ou as actividades cotiás da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.
- Participar en conversas en lingua inglesa utilizando unha linguaxe sinxela e clara en situacións habituais frecuentes dos ámbitos persoal ou profesional, activando estratexias de comunicación básicas.
- Dialogouse, de xeito dirixido e seguindo un guión ben estruturado, utilizando un repertorio memorizado de modelos de oracións e conversas breves e básicas, sobre situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible.
- Utilizar estratexias básicas de compensación para suplir carencias na lingua estranxeira, como a observación da persoa interlocutora e a procura da súa axuda para facilitar a bidireccionalidade da comunicación.
- Utilizar estruturas gramaticais básicas e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, segundo o propósito comunicativo do texto.
- Expresarse vcon certa claridade, utilizando unha entoación e unha pronuncia comprensibles, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes, nun rexistro formal ou neutro e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.
- Elaborar textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesio- nal, desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva.
- Ler textos de xeito comprensivo, recoñecendo os seus trazos básicos, o seu contido global, e analizar a súa intención e o seu contexto.
- Identificar as ideas fundamentais e a intención comunicativa básica do texto.
- Identificar estruturas gramaticais básicas e un repertorio limitado de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, en situacións habituais frecuentes, de contido moi predicible.



- Completar e reorganizar frases e oracións, atendendo ao propósito comunicativo e a normas gramaticais básicas.
- Elaborar textos breves e adecuados a un propósito comunicativo, seguindo modelos estruturados.
- Utilizar o léxico esencial axeitado para situacións frecuentes e para o contexto dos ámbitos persoal ou profesional.
- Amosar interese pola boa presentación dos textos escritos, respectando as normas gramaticais, ortográficas e tipográficas, e seguindo sinxelas pautas de revisión.
- Utilizar dicionarios impresos e en liña e correctores ortográficos dos procesadores na composición dos textos.
- Amosar unha actitude reflexiva acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación.

### **Contidos básicos**

#### **Comprensión e produción de textos orais básicos en lingua inglesa**

- Ideas principais en chamadas, mensaxes, ordes e indicacións moi claras.
- Descrición xeral de persoas, lugares e obxectos dos ámbitos profesional e público.
- Narración e explicación sobre situacións habituais e frecuentes do presente, do pasado e do futuro.
- Léxico, expresións e frases sinxelas frecuentes para se desenvolver en transaccións e xestións cotiás dos ámbitos persoal ou profesional.
- Recursos gramaticais. Tempos e formas verbais en presente e pasado; verbos principais, modais e auxiliares. Funcións comunicativas asociadas a situacións habituais e frecuentes. Elementos lingüísticos fundamentais. Marcadores do discurso para iniciar, ordenar e finalizar.
- Pronuncia de fonemas ou grupos fónicos de carácter básico que presenten maior dificultade.
- Uso de rexistros axeitados nas relacións sociais.
- Estratexias fundamentais de comprensión e escoita activa.
- Formatos electrónicos máis usuais.

#### **Participación en conversas en lingua inglesa**

- Estratexias de comprensión e escoita activa para iniciar, manter e rematar a interacción.
- Elaboración de mensaxes e textos sinxelos en lingua inglesa.
- Comprensión da información global e da idea principal de textos básicos cotiás, dos ámbitos persoal, público ou profesional.
- Léxico frecuente para se desenvolver en transaccións e xestións cotiás e sinxelas dos ámbitos persoal, público ou profesional.
- Composición de textos escritos moi breves, sinxelos e ben estruturados.

#### **Interpretación e elaboración de mensaxes sinxelas escritas en lingua inglesa**

- Elementos lingüísticos fundamentais atendendo aos tipos de textos, aos contextos e aos propósitos comunicativos tendo en conta un enfoque centrado no uso da lingua e na súa dimensión social.
- Propiedades básicas do texto.

- Estratexias e técnicas de comprensión de lectura.
- Estratexias de planificación e de corrección escrita.
- Estratexias de expresión e de interacción escrita.
- Usos sociais da lingua: información xeral, opinión e valoración.
- Funcións comunicativas máis habituais dos ámbitos persoal, público ou profesional en medios escritos.
